

AÍNDA NON RAIABA O DÍA
Educación e sociedade galega nun tempo
agrisallado (1961-1977)

THE SUNRISE WAS YET TO COME
Galician education and society in a dark period (1961-1977)

Antón COSTA RICO
Universidade de Santiago
De Nova Escola Galega

Para quen teñen soños e loitan,
para Agustín Escolano, mestre sempre,
para Manolo Bragado, proxecto e cooperación,
para Uxía, Serxio, Saleta e Yaiza que asumen novos retos.

RESUMO: O tempo no que o investigador foi mozo é sometido a análise histórica, trazando un panorama crítico, e ao mesmo tempo densamente informativo, sobre un período da historia educativa de Galicia, no que se estaban a dar os primeiros pasos cara á posterior conquista insuficiente da educación democrática.

PALABRAS CHAVE: Escola franquista, tradicionalismo e autoritarismo pedagóxico, loitas democráticas, lingua e cultura galega, democracia educativa.

ABSTRACT: The time when the researcher was young is being analysed through history, creating a critical and at the same time densely informative situation in a period of the history of education of Galicia, in which the first steps were being taken towards an insufficient subsequent conquest of the democratic education.

KEY WORDS: Francoist school, pedagogical traditionalism and authoritarianism, democratic struggles, Galician language and culture, educational democracy

Educación e Desenvolvemento¹

Abrindo os anos sesenta comezara a constituírse unha fase de liberalismo na economía española². O cambio ministerial na carteira de educación rexistrado en 1957 consolidaría as primeiras modificacións educativas suscitadas na etapa de Ruíz Jiménez: camiñábase cara a algunha desideoloxización da escola e cara a afirmación dun discurso máis próximo á ideoloxía tecnocrática, co seu gosto pola eficiencia e o rendemento, segundo as claves dun modelo económico capitalista e liberal. Neste contexto prodúcense distintas medidas de lene “tecnificación” do ensino, a extensión da escolarización feminina e unha certa tolerancia cara as “cuestións rexionais”, enfocadas desde unha óptica folclorizante, mentres que as universidades de Madrid e Barcelona volvían dispoñer de estudos pedagóxicos, que se unían aos traballos do *Instituto de Pedagogía* do Consello Superior de Investigacións Científicas e do CEDODEP (Centro de Orientación e de Documentación Didáctica do Ensino Primario) que se creaba en 1958, como analizou o profesor Agustín Escolano:

En todos estos centros se construyó una extraña hibridación epistémica entre las corrientes neopositivistas al uso en la época y una pedagogía especulativa que no había abandonado el sesgo espiritualista que adoptó bajo el nacional–catolicismo. El registro positivo de esta cultura de la escuela tiene una clara fundamentación en la psicología y sociología de corte funcionalista–conductista en que se inspiraba y abocó a la construcción de una tecnología de la enseñanza de intención eficientista y orientación mecánica. El rictus idealista, que era más un resabio ideológico que una actitud intelectual, ofrecía la imagen de una filosofía mistificada en la que cabían todos los discursos asociados tradicionalmente al catolicismo: humanismo, personalismo, neoescolástica, existencialismo cristiano.

La cultura científico–técnica diseñada en esta fase del franquismo trató en definitiva de elaborar una teoría y tecnología educativas que no fueran incompatibles con el sistema de valores de la ideología dominante. De esta suerte, la pedagogía académica se configuró a caballo entre la racionalidad técnica, de clara raíz positivo–funcional, y la retórica ideológica del orden político. Pese a todo, la cultura escolar resultante fue además bastante extraña a los hábitos que conformaban el cotidiano de las instituciones y a los comportamientos de los docentes, aferrados a las viejas inercias del oficio y refractarios a las innovaciones que, por lo demás, procedían de medios intelectuales exóticos para la sensibilidad del común de los maestros españoles de la época.

1 Non falamos de *desenvolvemento social*, senón de desenvolvemento económico, aquel que deu lugar á expresión “Los años sesenta: el desarrollismo”. Un autor noso, Cambre Mariño, desde a Universidade de Puerto Rico, onde se desempeñaba, escribiría un libro dunha certa transcendencia entre nós e titulouno *Educación e Desenvolvemento. Estructura e problemas do ensino en Galicia i en España* (Vigo, Galaxia, 1969). Contiña suficientes consideracións críticas sobre o sistema educativo español e sobre os seus efectos negativos en Galicia. Era o primeiro ensaio crítico sobre a nosa educación formulado no tempo do franquismo e probabelmente o *Plan Galicia* (1970) non foi alleo a algúns dos seus valiosos argumentos, como tampouco o foron outros textos críticos inmediatamente posteriores.

2 En 1959ponse en marcha un Plan de Estabilización Económica; por unha parte, significou impulso da industrialización, do crecemento urbanístico e incorporación da muller ás actividades laborais fóra do fogar, mais tamén influíu extraordinariamente no aumento da emigración exterior, no éxodo rural e no incremento de barriadas urbanas con pésimas condicións vitais. Iníciase o que Vidal Beneyto chamou “etapa de autoritarismo tecnocrático (1959-1977)”; *vid.* o seu texto *Memoria democrática*, Madrid, Foca, 2007, p. 21.

La cultura académica sobre la escuela también se configuró en este ciclo histórico como un saber escindido del mundo de la práctica y sin sintonía con el arte de la enseñanza, que siguió adscrito al ámbito de la experiencia. Los nuevos expertos o mediadores no sólo se desclasaron de los sectores socioprofesionales de los que a menudo procedían, sino que impidieron la posibilidad de construir un saber empírico y excluyeron asimismo la práctica como referente de racionalidad técnica³.

Unha das manifestacións da hibridación aludida pode observarse nas “Normas para preparar y explicar las lecciones”, aprobadas por O. M. de 15 de setembro de 1960, para uso nas Escolas de Maxisterio, onde podemos constatar a existencia dunha mestura entre espiritualismo, idealismo e intuicionismo didáctico, baixo a sombra dunha importante influencia metodolóxica de raíz *herbartiana*⁴.

A proclamación do nacionalismo español fronte ao “separatismo” e a súa identificación co catolicismo, coa conseguinte sacralización xerárquico-autoritaria da vida social, así como a visión corporativa da sociedade, trasladábanse á concepción dunha escola “netamente española”, aillada do conxunto de influencias renovadoras sentidas anteriormente na educación.

As *Enciclopedias* de Santiago Rodríguez, de Bruño ou de Álvarez, os textos literarios de Pemán e de Pereda, os *Catecismos*, os *Cuadernos Castor*, os exercicios de *Caligrafía* de Edelvives, as libretas de cancións populares para escolares da Sección Femenina de *Falange*, que tamén dispoñían dunha *Biblioteca* e da revista *Consigna*, entre outras mediacións de non menor importancia e significación, trazaban o perfil didáctico e operacional da “escuela española”, incómoda para tantos nenos galegos, como se recolle nas *Memorias dun neno labrego* de Neiras Vilas (1961).

En todo caso, baixo a dirección do ministro Lora Tamayo (desde 1962, MEC, Ministerio de Educación y Ciencia, en lugar de Ministerio de Educación Nacional) reforzariáanse a “tecnificación educativa” e unha modernización acorde co desenvolvemento que preconizaba o *Plan Español de Desarrollo Económico* (1964-1967). En 1964 a escolarización primaria ampliábase aos 8 anos (de 6 a 14) segundo a *Ley de Extensión de la Escolaridad Obligatoria*, procedéndose a súa graduación curso a curso⁵; en 1965, ano no que se aproba a Lei 169 de 21 de decembro de reforma da ensinanza primaria, tamén se modernizarán os Cuestionarios programáticos para tal ensino e autorizaranse en toda España numerosos e novos libros de texto e obras complementarias para o seu uso nas escolas primarias, o que servirá de ocasión para a expansión dunha industria editorial de libros de texto, na que participan, entre outras, Salvatella, Dalmáu Carles, Hernando, Aguado,

3 ESCOLANO BENITO, A., “Las culturas escolares del siglo XX. Encuentros y desencuentros”, *Revista de Educación*, Extra 2000, p. 213.

4 BERNAL, E., *Orientaciones escolares. Normas para preparar y explicar las lecciones*, Madrid, Escuela Española, 1963^{6ª}edición.

5 Oito cursos de escolaridade primaria, o que foi unha norma moi frecuentemente incumplida, e que non impedía, sen embargo, que logo de catro cursos de escolaridade primaria se puidesen comezar os estudos de bacharelato elemental nun centro de ensinanza medias.

Hijos de Santiago Rodríguez, Álvarez, Magisterio Español e Edelvives; en 1967 reformáronse as Escolas Normais, esixíndose o bacharelato para entrar nelas, e modernízanse as normas técnicas das construcións escolares, que databan de 1956; en 1968 procedíase a unha nova revisión dos programas escolares, con indicacións sobre niveis básicos de adquisición de coñecementos e sobre a avaliación e a promoción intercurros, facéndose a súa difusión nos centros escolares, a través da puntual presenza mensual da Revista *Vida Escolar* (editada desde 1959 polo CEDODEP), que contiña frecuentes exemplos prácticos de leccións escolares; unha revista que, segundo Escolano, “constituyó seguramente uno de los más logrados instrumentos de aproximación entre las culturas empírica, académica y política de la escuela”⁶.

Nestes anos da década dos 60, as autoridades ministeriais de educación pilotaban aínda modificacións de maior calado, como se pode observar a través da oficial *Revista de Educación*; baixo a presión das problemáticas sociais suscitadas polo desenvolvemento educativo, a *Revista de Educación*, órgano da Secretaría Xeral Técnica do MEC, da man dos impulsos directivos de J. Tena Artigas, abríase ademais ás cuestións sociolóxicas, económicas e políticas, empregando mesmo a linguaxe técnica (tecnocrática, quizais?) en uso por parte da UNESCO e da OCDE (Proxecto Xeral da UNESCO para o ensino primario de 1962, e *Proxecto Rexional Mediterráneo* da OCDE de decembro de 1963⁷).

Nesta dirección, rexístrase nas esferas gubernamentais a intención de abordar algúns dos máis grandes problemas a resolver. Expándense os servizos escolares (construción de centros sobre a base dun novo programa de necesidades aprobado en 1971, aumento de profesores e de inspectores); promóvese a creación do corpo de directores escolares; amplíase a escolaridade ata os 14 anos; aténdese á reforma dos plans de estudos, tamén no sector da formación laboral⁸; mellórase a formación do profesorado primario e do de ensinanza media (a través dunha orde ministerial de 25 de marzo de 1964), ao tempo que por primeira vez desde a IIª República se aborda unha “Campaña Nacional de Alfabetización”⁹,

6 *Vida Escolar* foi un eficaz instrumento para a aclimatación da Lei Xeral de Educación de 1970. Unha revisión de índices realizada sobre o período 1968-1977 permite detectar, en particular, como a renovación metodolóxica, organizativa e didáctica que traía consigo a LXE, viña sendo xa impulsada desde as páxinas desta publicación, onde, en troques, non poderemos encontrar explícitas posicións políticas autoritarias, nin, noutro senso, revisións críticas atinxentes ás cuestións sociolóxicas en relación coa educación e a predicada igualdade de oportunidades. Permite tamén observar quen eran os autores e autoras que contribuían a formular un estado de opinión e de discurso pedagóxico; compoñían un conxunto relativamente amplo que deixarían de mostrar esta súa actividade ao longo dos primeiros anos da pasada década dos anos oitenta, para así deixar paso a unha nova xeración, que no presente comeza a cerrar o seu ciclo académico.

7 MEC/OCDE, *Las necesidades de educación y el desarrollo económico-social de España*, Madrid, 1963 (Informe máis coñecido como *Proyecto Regional Mediterráneo. España*) e MEC/UNESCO, *La educación y el desarrollo económico y social. Objetivos de España para 1970. Planeamiento integral de la educación*, Madrid, 1962.

8 Neste campo, en 1964 creouse o *Programa Nacional de Promoción Profesional Obrera*, desde onde se levarán a cabo os plans de cursos do PPO que se foron extendendo por toda a xeografía española mediante cursos que se realizaban alí onde había necesidades empresariais e nichos de creación de postos de traballo; estas actividades pasarán a ser organizadas posteriormente polo SEAF.

9 Aínda que as porcentaxes de analfabetismo estatisticamente viñan descendendo á luz dos datos aportados polos censos de poboación examinados desde 1930, sen embargo, as zonas intermedias e rurais de hábitat rexistraban índices preocupantes, particularmente no caso da poboación feminina maior de dez anos: o 24.16%

e créase o Fondo de Igualdade de Oportunidades¹⁰ (tamén coñecido como Programa de Igualdade de Oportunidades, ou PIO) destinado á concesión de bolsas e axudas ao estudo, coa finalidade de ampliar a mobilidade social ascendente cara á ampliación das capas medias, co desexo de integración, renovación e ampliación da base sociolóxica do franquismo, cara onde se encamiñarían igualmente outras medidas, que só a través da *Ley General de Educación* de 1970 encontrarían plasmación.

Porén, tratábase dun insuficiente programa de modificacións, en medio dos avultados cambios sociolóxicos, económicos e culturais que comezaba a vivir a sociedade española, e mesmo a galega. E pónse de relevo unha forte imprevisión gubernamental ante as crecentes demandas sociais de escolarización, mentres que, por outra parte, se favorece a constitución dun desorganizado sector de centros privados dotado con crecentes axudas económicas, que se vén sumar á tradicional oferta privada, fundamentalmente católica; un sector novo que con frecuencia se imparte en condicións de limitada calidade.

Por todo isto e no contexto dunha sociedade cerrada, mais con sectores reivindicativos, foi aumentando unha significativa insatisfacción social, tal como paulatinamente se foi observando no campo da educación, primeiro nos medios universitarios¹¹ —sendo as folgas o seu aspecto máis chamativo, xunto coas cada vez máis frecuentes intervencións policiais—, logo nos centros de bacharelato, e aos poucos tamén entre os sectores e centros de ensinanza primaria.

Será nestas circunstancias como comenará a construírse un movemento de opinión social e algunhas experiencias escolares e pedagóxicas que apuntaban cara á crítica do modelo educativo dominante e cara á formulación de perspectivas de renovación e de reforma; un movemento máis perceptíbel nas grandes cidades de Barcelona e de Madrid, e no País Vasco.

En resposta, o novo ministro de educación Villar Palasí e o seu equipo técnico (na Secretaría Xeral Técnica do Ministerio e no recentemente creado Gabinete de Planificación

en zonas intermedias e o 18.78% en zonas rurais, cun promedio de case o 10% para o total da poboación masculina e un 18.30% para a poboación feminina segundo o censo de poboación de 1950 (Vid. Presidencia del Gobierno. Instituto Nacional de Estadística, *Estadística de la Enseñanza en España. Curso 1954-55*, Madrid, 1955, p. 10).

¹⁰ Esta denominación será cambiada en 1975 pola de *Instituto Nacional de Asistencia y Promoción del Estudiante* (INAPE).

¹¹ A partir de 1962, o ano en que se reuniu o Congreso do Movemento Europeo en Munich (o chamado polo Franquismo “Contubernio de Munich”) “a loita estudantil contra o franquismo desenvolveuse de forma ininterrompida ata a desaparición do réxime” di Gregorio Valdevira (*La oposición estudiantil al franquismo*, Madrid: Síntesis, 2006, p. 9). É oportuno recordar que en 1963, o ano no que se comezou a editar a importantísima publicación *Cuadernos para el Diálogo* (con cabeceira tan sintomática), foi tamén o ano no que se plantexou a necesidade de crear un sindicato autónomo de estudantes e o ano en que foi executado o militante comunista Julian Grímau, e aínda mesmo o momento no que as autoridades franquistas crean o *Tribunal de Orden Público* desde o que se castigarán as disidencias políticas; en 1965 produciuse o primeiro peche gubernativo xeral das universidades, e os profesores Tierno Galván, José L. Aranguren, García Calvo y Montero Díaz serán expulsados da Universidade de Madrid, o que levou a crear o *Centro de Enseñanza e Investigación* (CEISA), como soporte docente; VIDAL-BENEYTO, J., *Memoria democrática*, Madrid, Foca, 2007.

estaban Díez Hochleitner, Tena Artigas, Angel Oliveros) afrontaron a tarefa de emprender unha reforma xeral do sistema educativo en España e a tales efectos en 1969 daríase luz pública ao crítico informe oficial *La educación en España. Bases para una política educativa*¹², desde onde fundamentar as bases da *Ley General de Educación* de 1970. Un informe que sinalaba o tradicionalismo e falta de funcionalidade social do sistema educativo e as súas graves carencias e limitacións. O novo sistema educativo debería recoñecer o dereito de todos a unha educación xeral básica obrigatoria, gratuita e integral; unha educación unificada entre os 6 e os 14 anos de idade, concebida como un proceso de educación permanente, adaptada ás etapas da evolución psicobiolóxica dos alumnos, e como resposta ás necesidades laborais e ás oportunidades de emprego.

As Cortes Españolas aprobaban o 4 de xullo de 1970 a *Ley General de la Educación y Financiamiento de la Reforma educativa*, inspirada polos criterios do reformismo tecnocrático, auspiciado pola OCDE e o Banco Mundial¹³. Así o facía notar Díez Hochleitner na apertura do *IV Congreso Nacional de Pedagogía* (1969), ao facer notar a idea da produtividade e do rendemento social da educación e tamén a concepción “técnica” e de programación por *staff* que había que aplicar ao desenvolvemento educativo¹⁴.

Na mesma dirección, a oficial *Revista de Educación* ía realizar unha aportación contínua, baixo a dirección de José Blat Jimeno e do propio Díez Hochleitner, na súa calidade de Presidente do Consello de Redacción. Escríbese de modo constante sobre a reforma educativa e sobre o modelo español de desenvolvemento educativo, co acompañamento do Comité de Cooperación Internacional para a reforma da educación española, sostido pola UNESCO. Nas súas páxinas aparecerá en 1970 unha das primeiras referencias oficiais de ton positivo, se ben tatexantes, á Institución Libre de Enseñanza¹⁵ ou tamén a Piaget¹⁶, da man de Miguel Sigüan. Fálase de programación e da taxonomía dos obxectivos da educación¹⁷, do rendemento escolar e da avaliación educativa¹⁸, da ensinanza programada e automatizada¹⁹, de políticas e de estratexias de innovación tecnolóxica educativa²⁰, e a socioloxía educativa manifesta unha primeira presenza, a través da aportación realizada por Antonio Viñao Frago²¹.

12 Á luz deste documento, da plasmación legal a través da Lei Xeral de Educación de 1970 e do proceso de aplicación realizado ata 1976, cómpre examinar e encadrar o informe de 1977 de Díez Hochleitner, Tena Artigas y García Cuerpo, *La Reforma Educativa Española y la Educación Permanente*, París, UNESCO, 1977.

13 Naquel mesmo 1970 asinariase un convenio entre o o Goberno Español e o Banco Internacional de Reconstrucción e Fomento, con fondos económicos que con particular intensidade se investirán en Galicia para dar cumprimento ao Plan Galicia.

14 “Conferencia pronunciada por R. Díez Hochleitner”, *Revista de Educación*, 202, 1969, pp. 66-69.

15 *Revista de Educación*, nº 243 de 1970.

16 SIGUAN, M., “Psicología y pedagogía: un programa de investigación”, *Revista de Educación*, nº 217, 1971, pp. 5-10.

17 No número dobre 207-208.

18 No número 214 de 1971.

19 No número 218 de 1971.

20 No número dobre 213-213 de 1971.

21 VIÑAO FRAGO, A., “Educación y Sociedad (un análisis de sus procesos de interacción recíproca)”, *Revista de Educación*, nº 221-222, 1972.

A Lei do 70 nacía nun contexto institucional, político e social contradictorio; era presentada como unha proposta de espírito tecnocrático deseñada por técnicos, co visto e prace de organismos internacionais, desde o impulso dos sectores “aperturistas” do capitalismo español e do equipo económico gubernamental (do *Opus Dei*) dominante naqueles momentos, como analizou Ignacio Fernández de Castro²², respondendo así máis a unha lóxica capitalista que á lóxica política franquista, mais, por outra parte, nacía suxeita á tradición cultural española dominante e ás presións que diversos poderes fácticos impoñían, entre eles a Igrexa Católica, que vía perder unha parte do seu grande poder político na educación. Neste contexto é no que se producen evidentes cambios, que serán constantemente interferidos polas inercias do pasado, deixando de cumprirse distintas previsións formais.

Por vez primeira desde o réxime político franquista, a educación aparece considerada como un servizo público de primeira orde, aínda que se prevía a existencia dun sector privado subvencionado; situábase entre os obxectivos o horizonte da gratuidade; a nova estrutura do sistema abríase á consideración dunha escola unificada; constituíanse as áreas de aprendizaxe para evitar ou reducir a fragmentación en asignaturas; abordábase a formación do profesorado; propoñíase a súa organización departamental e aludíase á experimentación e innovación programática e didáctica, a cuxo servizo, máis formal que efectivamente, se situaba a rede CENIDE-ICES²³, e invitábase á actividade, á orixinalidade e á creatividade, que había que favorecer nos escolares a través da metodoloxía didáctica.

A LXE, fundamentada ideoloxicamente nos principios meritocráticos da teoría do capital humano²⁴, sitúase como final dun proceso de búsqueda de maiores niveis de eficacia educativa e de racionalidade científica, como escribiu Ramón López Martín²⁵, debéndose sinalar que nesta vía se incorporou o discurso da pedagogía por obxectivos, *tyleriana* e conductista, que coa súa linguaxe técnica, parecía ofrecer as garantías de planteamentos

22 FERNÁNDEZ DE CASTRO, I., *Reforma educativa y desarrollo capitalista*, Cuadernos para el Diálogo, Madrid, 1973. En sentido parecido o sociólogo Félix Ortega referiuse a que as razóns de peso que levaron a enfrontarse cun cambio do sistema escolar debían encontrarse nas propias necesidades do réxime político para perpetuarse (Vid. ORTEGA, F., “Las ideologías de la reforma educativa de 1970”, *Revista de Educación*, Extra, 1992, p.35). A reforma, segundo Félix Ortega, era xustificada desde un tecnocratismo espiritualista e desde o *desarrollismo*, entendido como crenza no progreso económico sen alterar a orde política, e desde a ideoloxía da igualdade de oportunidades, que dirixía cara a factores individuais a condición social – mediante o aproveitamento educativo –, buscando erosionar a través da socialización escolar as posibles críticas ao réxime político, e destruír as estratexias solidarias relacionadas coa loita de clases, transferindo á educación a función de lexitimar a orde social desde unhas novas bases, ante o fracaso manifesto dos discursos da Igrexa e do Movemento. Vid. tamén LERENA ALESON, C., *Escuela, ideología y clases sociales en España*, Barcelona, Ariel, 1986, pp. 254-257.

23 A rede CENIDE-ICES, que reunía aos Institutos de Ciencias da Educación creados por Decreto en 1969, levou a cabo os primeiros plans oficiais de investigación educativa, aínda que tales plans estarían condicionados e limitados polos esquemas entre autoritarios e tecnocráticos do momento. Nesta mesma liña expresouse Marina Subirats (*Cuadernos de Pedagogía*, nº 13 de 1976) ao facer unha valoración do informe INCIE-ICE, *Investigaciones educativas de la red INCIE-ICE*, Madrid, 1975.

24 BONAL I SARRÓ, X., *Sociología de la Educación: una aproximación a las corrientes contemporáneas*, Barcelona, Paidós, 1998, p.46.

25 LÓPEZ MARTÍN, R., “Una escuela de todos y para todos. Las prácticas escolares en la transición democrática”, *Historia de la Educación*, nº 21, 2002, p. 69.

asépticos e non conflitivos, chegando a impoñerse unha concepción tecnolóxica ao servizo do funcionamento do sistema, ao que contribuíron co seu acompañamento diversos produtos no campo educativo (libros de texto, guías para o profesorado) editados por Santillana, Anaya ou por casas próximas ao *Opus Dei* (Rialp, Magisterio Español). Así, o dominio técnico, cando menos formalmente, impoñíase ao político, en canto ao control curricular. A súa beira leváronse a cabo: actividades e programas con algún contido innovador, as agrupacións flexibles do alumnado, a ensinanza individualizada mediante fichas didácticas, a ensinanza en equipo ou *team teaching*, e unha parcial formación do profesorado centrada na adquisición de destrezas técnicas; mais, sen ter en conta os contextos reais dos procesos de ensino–aprendizaxe e outros considerandos relacionados co contexto cultural, as novas demandas sociais, ou as máis recentes achegas da psicología do desenvolvemento e da aprendizaxe.

Tras da saída ministerial do Equipo de Villar Palasí, en 1973, reapareceron co ministro Julio Rodríguez e despois con Martínez Esteruelas os aspectos máis conservadores e autoritarios tradicionais, ben diseccionados por Mariano Pérez Galán²⁶, poñendo fin ao intento de renovación pedagóxica (máis formal ca real) desde o poder. Isto acontecía no mesmo ano no que se rexistraba unha primeira folga reivindicativa do profesorado e no que se iniciaba a política de axudas económicas aos centros privados.

Memoria e búsqueda de horizontes

Alén da tradicional cultura empírico–práctica, dos dominantes modelos cultural–educativos ligados ao coñecemento experto, e fronte á cultura normativa–administrativa, segundo categorización formulada por Escolano, aínda permanecía algunha memoria da renovación pedagóxica republicana de filiación laica, liberal e *escolanovista* en diversos recantos da xeografía social e escolar española; unha memoria que se puido avivar en Cataluña desde o comezo dos anos 50, momento en que un grupo reducido de profesores, orientados con intelixencia, se abriron a considerar unha perspectiva profesionalizadora máis profunda.

A reconstrución do catalanismo cultural nos anos 50 e 60, a aparición dunha nova burguesía non franquista e a intervención dun clero novo distanciados do nacional–catolicismo español, haberían de servir de marco ao resurximento semi–público de aquela memoria pedagóxica, tan cuidadosamente estudada polo profesor Jordi Monés²⁷. Referímonos a unha intensa dinámica que envolvía a múltiples persoas implicadas na realización de experiencias, na creación de novas escolas privadas catalanistas e renovadoras, e na publicación de libros e textos ao servizo deste proceso innovador desde as editorais La Galera, Nova Terra, Teide ou Cavall Fort. Unha dinámica que se afianzaría, ás veces, da man

26 PÉREZ GALÁN, M., “El bachillerato en España (1936-1970)”, en Bozal, V. *et alii*, *La enseñanza en España*, Madrid, Alberto Corazón, 1975, pp. 250-327; reed. en PÉREZ GALÁN, M., *Educación, historia y política*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2009.

27 Tal detido estudo tivo unha primeira e elocuente mostra en *El pensament escolar i la renovación pedagògica a Catalunya 1833-1938*, Barcelona, La Magrana, 1977.

dun catolicismo *aggiornado* á sombra do Vaticano II²⁸; outras, ao amparo do liberalismo catalanista e democrático, e aínda mesmo na compañía das correntes marxistas e anarquistas, dando lugar á constitución de plataformas docentes de traballo pedagóxico, que posteriormente serán coñecidas como movementos de renovación pedagóxica (MRPs.), tal como foi o caso da Asociación Rosa Sensat cos seus primeiros pasos en 1965, ou o da Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar (ACIES) que permitía agrupar aos adherentes á pedagogía Freinet.

Sen constituír un movemento visíbel como en Cataluña, porén, en Madrid, en Mallorca, en Valencia, tamén as brasas da memoria se removeron segundo avanzaban os anos sesenta. Por iso que se reciben de bo grao e silandeiramente as edicións pedagóxicas procedentes de Fondo de Cultura Económica desde México, ou de Losada e de Troquel desde Buenos Aires, feitas coa participación de republicanos españois e galegos exiliados. E aparecerán en España novos selos editoriais para fornecer de lecturas necesarias, con argumentos cos que construír a crítica á realidade educativa española, e cos que axudar a preparar a renovación pedagóxica²⁹.

Así, por exemplo, a editorial Losada, que tiña editado en 1945 as *Ideas generales sobre mi método* (orixinal de 1928) de M^a Montessori, volverao facer en 1965; Araluce desde Barcelona editará *El Niño* en 1968; Vicens Vives editará en Barcelona o texto *Educación Nueva y mundo moderno* de G. Mialaret, un bo instrumento de reflexión sobre a Escola Nova e os novos problemas e retos da pedagogía científica; Siglo XXI dará a conocer o discurso de Paulo Freire, que animará os debates sobre a construción da escola popular; Nova Terra presentará en 1970 a Lorenzo Milani coa súa *Carta a una maestra. Alumnos de la escuela de Barbiana* (1967), manifesto para encendidos debates, cos seus impresionistas cadros escolares; e chegará Freinet a través, en primeiro lugar, das *Parábolas para una pedagogía popular (Les Dits de Mathieu)* editadas en Barcelona pola editorial Estela (1971); Fontanella, Laia, Marsiega e Siglo XXI editaran por milleiros de exemplares ao longo dos anos setenta; Aida Vázquez e F. Oury vían traducido o seu libro *Hacia una pedagogía del siglo XXI*; Fontanella editaba as obras de Michel Lobrot; Miracle, desde Barcelona, en 1972 servíanos outro clásico, Cousinet, o cofundador de *L'École Nouvelle Française*, coa súa *La Escuela Nueva*; falamos dunha Escola Nova aínda viva, a pesar das críticas ao seu idealismo, como o testemuñaba a obra de M. Gross, *L'École Nouvelle Temoinne* editada por Narcea en 1972, mentres que A. Redondo desde Madrid nos facilitaba a lectura de *La Escuela Progresiva* de Robert Skidelsky; en momentos nos que xunto a algúns textos de Piaget e de Wallon, Península (desde Barcelona, 1972) nos presentaba

28 Coa súa Declaración sobre a educación cristiã dos mozos (*Gravissimum educationis*) modifícanse sensíbelmente as perspectivas de fondo da pedagogía católica, unindo educación e apostolado, a fin de xerar consciencia cristiã ao servizo dunha sociedade impregnada polos novos valores cristiãns, o que se expresou particularmente a través das vías formativas do asociacionismo.

29 Vid. LÁZARO LORENTE, M., "Política y educación: la renovación pedagógica en España, 1970-1983", en Candeias Martins, (Coord.), *Vª Encontro de História da Educação*, Coimbra/Castelo Branco, Alma Azul, 2005, pp. 358-359, así como o monográfico sobre educación na transición á democracia editado en *Educació i Història*, nº 18 (2012).

a obra de Henri Salvat, *La inteligencia, mitos y realidades*, unha desmitificación das teses *bioloxicistas*, abogando polo concepto de diversidade da intelixencia, ou os *Fundamentos de Pedagogía marxista* de Bodgan Suchodolski. De novo, ademais, podíanse ler *La Escuela Moderna* de Ferrer i Guardia e *La Escuela Activa* de Ferrière.

Había algúns lectores que accedían aos textos de A. S. Neill sobre Summerhill (editado xa por FCE en México en 1963, e entre nós a partir de 1975), da revista *L'Éducateur* do Instituto Cooperativo da Escola Moderna (Pedagogía Freinet), da revista tamén francesa e renovadora *Cahiers Pédagogiques* (creada en 1946), a outros sobre psicanálise e educación, ou sobre a creatividade infantil, como o de Robert Gloton, *L'activité créatrice chez L'enfant* (París, Casterman, 1971).

Os ecos do Maio parisiño do 68, as aportacións da psicanálise, da pedagogía institucional, ou da socioloxía estruturalista e marxista coa súa teoría da reprodución social a través das institucións escolares (Althusser, Baudelot e Establet, Bourdieu e Passeron), a *pedagogía liberadora* de Freire, o discurso da desescolarización formulado por Illich, e, en particular, os textos producidos por Célestin e Élise Freinet, e polos italianos do *Movimento de Cooperazione Educativa* (con Bruno Ciari e Mario Lodi, en cabeza) viñan contribuíndo a modificar a forma de pensar a educación por parte de moitos profesores, mozos e inqedos, xa nos primeiros anos setenta. Neste senso, os textos que vimos de sinalar compoñían lecturas apreciadas, a pesar de non ser con frecuencia ben dixeridas, dada a orfandade de conceptos e a carencia dunha básica formación pedagóxica, onde asentar as reflexións procedentes de tales lecturas. Así estaban as cousas nos momentos finais dun réxime político crecentemente deslexitimado para este sector do profesorado, o que se facía extensible á escola oficial do tempo e ao discurso técnico ensaiado con ocasión da posta en marcha da LXE de 1970.

Lecturas e encontros –a miúdo non autorizados– destes primeiros anos setenta que buscaban recuperar, poderíase dicir, aquilo que tiña significado desde o punto de vista pedagóxico o tempo da IIª República. Aos poucos, íran vindo outros textos, prácticas e reflexións elaboradas desde o máis inmediato presente, coa consciencia de que a educación está social e políticamente condicionada e da significación dos modelos sociais dominantes que impregnan a personalidade dos escolares, polo que se facía preciso formular outro/s modelo/s de sistema educativo de raíz e horizonte democráticos. E isto sería o que na altura dos anos 1975 e 1976 daría lugar aos *Manifestos pola Escola Pública*, un formulado como *Nova Escola Pública Catalana* desde a *Escola d'Estiu* de Rosa Sensat (Cataluña), e outro desde o Colexio de Doctores e Licenciados de Madrid. Amencia a democracia política e Franco estaba para morrer. Albiscábase o tempo novo³⁰.

30 En xuño de 1974 constituíase en París a *Junta Democrática de España*, articulada polo Partido Comunista de España e outros sectores políticos; un ano máis tarde sería o PSOE quen procedería a impulsar a *Plataforma de Convergencia Democrática* e a coordinación de ambas daría a *Coordinación Democrática* no mesmo ano 1976 en que as Cortes franquistas aprobaban a Lei de Reforma Política que abría as portas á reforma política pactada. Pola súa parte, a nova revista *Cuadernos de Pedagogía*, iniciada en 1975, publicaba no mes de setembro o seu 3º Suplemento no que establecía un valente xuízo sobre o réxime político que agora declinaba e sobre a súa política educativa, baixo o rotundo título de “Fascismo e Educación”.

Así o certificaba a aparición de novas publicacións periódicas naquel ano de 1975; novas revistas para novos lectores e lectoras, con plantexamentos fundamentados nas novas correntes psico e socio-pedagóxicas; instrumentos para propiciar o activismo didáctico, a participación democrática, a formulación da catalanización escolar, e o conxunto de significados apreixados arredor da proclama da escola pública e democrática. Referímonos a *Cuadernos de Pedagogía, Güix e Perspectiva Escolar*, estas dúas últimas editadas en lingua catalá. E non será ata 1978 cando se dispoña dun inicio en galego, *As Roladas-2*³¹.

Galicia: un sistema educativo entre a parálise e o crecemento desorganizado

A situación autárquica da economía española durante os vinte anos que seguiron á fin da guerra civil, a “españolización” e “re-catolización” que se impuxo ao sistema educativo, o ambiente tradicional e ruralizante que se preconizou nos estilos de vida, e o empobrecemento económico da sociedade española, paralizaron os procesos expansivos da educación en toda España e particularmente en Galicia ata os anos 60, valoración esta que non debe impedir recoñecer a existencia dalgún crecemento rexistrado nas estatísticas de todo tipo. Así, durante os primeiros vinte anos a escolaridade primaria sufriu, con respecto a momentos anteriores, un penoso retroceso, mentres a educación secundaria quedou substancialmente encomendada ás institucións eclesiásticas católicas, responsabilizadas da educación das clases medias³², sendo de minoritario alcance as institucións universitarias compostelanas.

Porén, cerrando os anos sesenta o conxunto das estatísticas educativas comezarían a mostrar un maior volume, o que, con outros fenómenos da vida económica, política, cultural e social, poñería de relevo a existencia dunha importante problemática estrutural no campo do desenvolvemento educativo, o que conduciría, como xa se sinalou, ao planteamento e á aprobación da L.X.E. en 1970, á que acompañou a *Planificación de la Educación. Galicia (1970)*³³, para o seu desenvolvemento entre nós.

31 Sobre a historia desta publicación pode verse: COSTA RICO, A., “As Roladas-2. Primeira revista pedagóxica en lingua galega”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, 1996, pp. 44-45.

32 A tal punto, por exemplo, que en Galicia, seguindo unha conduta administrativa común a outras terras de España, foron suprimidos catro institutos públicos de Bacharelato, que previamente se crearan noutras tantas vilas cabeceira de comarca das provincias de Pontevedra e da Coruña. Vid. CANALES SERRANO, A., “*Innecesarios a todas luces*. El desmantellament de la xarxa d’instituts en la postguerra”, *Educació i Història. Revista d’Història de l’Educació*, nº 17, 2011, pp. 187-212.

33 MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA, *Planificación de la Educación. Galicia*, Madrid: Servicio de Publicaciones del MEC, 1971 (2ª edición). Significou a primeira experiencia oficial de planificación educativa e de previsións de desenvolvemento para unha “rexión española”, para o período 1971-1975, mediante o que pretendía ser un “proceso continuo de racionalidad”, que tomaba como puntos de partida un estudo sociolóxico de Galicia, o sinalamento do seu perfil económico, a abordaxe dos recursos humanos e un diagnóstico da situación educativa. Desde tales supostos sinalaba para os distintos niveis educativos de carácter non universitario previstos na LXE os obxectivos e necesidades de escolarización no horizonte de 1975, traducíndoos en necesidade de postos escolares, así como de profesorado e de persoal non docente, formulando en cada caso as previsións de custes de capital e correntes, completándose o Informe mediante un Estudo sobre a Comarcalización educativa a levar a cabo, co sinalamento da creación, en particular, de numerosos colexios comarcais e o cierre de numerosas escolas nacionais e graduadas de escola primaria, e coa Programación de necesidades previstas (pp. 383-446).

Co gallo de ter unha visión de síntese sobre o tamaño do sistema educativo mostraremos, pois, algúns datos estatísticos. A este respecto comezaremos cos datos relativos ao ensino primario a mediados dos anos cincuenta, que se amosan no Cadro 1, cos oportunos comentarios.

CADRO 1. O ENSINO PRIMARIO EN GALICIA. Curso 1954-55

Unidades escolares primarias en centros públicos	6545
Unidades escolares primarias en c. privados	910
Alumnos/as matriculados en c. públicos primarios	234.476
Alumnos/as matriculados en c. privados primarios	35084
% de alumnos matriculados de 6 a 11 anos en c. públicos	63,65
% de alumnos matriculados de 6 a 11 anos en c. privados	6,5
Total de mestres/as de e. público	6545

Fonte: Elaboración propia sobre datos oficiais: PRESIDENCIA DEL GOBIERNO/INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, Estadística de la enseñanza en España. Curso 1954-55, Madrid, 1957.

Están comprendidas nas unidades escolares primarias as pertencentes a escolas mixtas e unitarias, as seccións de escolas graduadas incompletas e as seccións de grupos escolares, pero tamén as unidades maternais e de párvulos, as preparatorias, as parroquiais de patronado, as de orientación marítimo-pesqueira e as de orientación agrícola, que alcanzaban en conxunto un reducido número. Estaban atendidas por 6545 mestres públicos (eran 6502 en 1935), que representaban o 11.44% de todos os españois, sendo mestras 4305, é dicir o 66% do total do maxisterio público, amosando neste momento unha taxa notable de feminización. O reducidísimo aumento do número de profesores primarios, con respecto a 1935, pasará a sumar, sen embargo, a cifra de 9000 en 1971 e case a duplicarse segundo as estatísticas de 1978, ao chegar aos 14.000 de preescolar e EXB, como consecuencia da aplicación da LXE. Os alumnos/as matriculados en 1954-55 nos centros públicos primarios (234.476) acadaban unha cifra menor que a dos 269.220 de 1933, en parte compensada co aumento dos inscritos no ensino privado, 35084, que só representaban o 4.39% de todos os matriculados en unidades privadas de ensino primario en toda España, rexistrándose en conxunto un número algo superior de nenas en canto aos matriculados. Convertiríanse en algo máis de 258.000 alumnos matriculados nos 8 cursos de EXB en 1976-77³⁴, aos que había que engadir os 109.910 inscritos no mesmo momento nos centros privados, cun total entón de 368.069 estudantes.

As taxas de escolarización seguían sendo moi deficitarias, como tamén ocorría en toda España. Ás escolas primarias acudían algúns nenos menores de seis anos e ou-

³⁴ Seguindo a información oficial que consta en PRESIDENCIA DEL GOBIERNO/INE, *Estadística de la enseñanza en España. Curso 1976-77*, Madrid, 1978.

tros maiores de once. Por dificultades de control estatístico, as taxas de escolarización que se sinalan só se establecen para os incluídos entre os 6 e os 11 anos: acudían aos centros públicos o 63.65% dos correspondentes ás idades sinaladas no curso 1954-1955; en conxunto pouco máis do 70% da poboación afectada. Así, pois, dado o curto número dos alumnos asistentes e computados a centros privados, aínda non acudía ao sistema escolar unha parte considerable da poboación escolarizábel; ao longo dos anos sesenta fariase un importante traballo de corrección, e aínda así a taxa real de escolarización no curso 1967-68 no conxunto de Galicia era do 80%, segundo datos oficiais³⁵. É oportuno facer notar que en 1954-55 era a provincia de Ourense (cos índices de menor dispersión da poboación) a que co 80.9% de taxa de escolarización pública acadaba a taxa máis alta de Galicia (a taxa estatal era do 52.5%), sen que entremos a valorar a posible calidade de tal escolarización, e a provincia da Coruña a de menor taxa (con 43.7%, en parte compensada por ter as maiores taxas de escolarización (entre os 6 e os 11 anos) en centros privados (un 8.47% do total da poboación escolar). Esta escolarización en centros privados concentrábase nos centros urbanos.

Cómpre sinalar que se falamos de educación preescolar, tan deficitaria no momento de aprobar a LXE, o alumnado matriculado en Galicia entre os 2 e os 5 anos de idade, un total de 24.000 alumnos en 1970³⁶, repartidos case por igual entre os centros públicos e os privados, representaba só o 3.28% da matrícula total estatal, e aínda só o 4.54% no curso de 1976-77.

As estatísticas de 1954-55 anotan un total de 910 unidades privadas de ensino primario pertencentes a un total de 336 colexios (160 na provincia da Coruña, 105 en Pontevedra, 50 en Lugo e 21 en Ourense), que representaban a reducida porcentaxe do 3.36% de toda España. Colexios privados pertencentes a particulares, asociacións relixiosas e benéficas, incluídas 26 fundacións, debendo anotar que o 58.6% de tales colexios privados foron creados desde 1939. Esta iniciativa privada tería unha máis forte expansión durante os anos sesenta e setenta, acompañando á crecente demanda escolarizadora. Cómpre salientar, ademais, que no curso 1954-55 unha parte do profesorado primario dos centros privados non contaba coa titulación adecuada para o seu desempeño.

Sinalamos, ademais, que a escolarización primaria estaba afectada negativamente pola problemática da inasistencia escolar, que afectaba a unha porcentaxe importante do alumnado. Isto e outros factores sociais, culturais e propiamente político-organizativos da educación contribuían ao fracaso e retraso escolares³⁷; o Plan Galicia de 1970 afirmaba, por isto, que “como termo medio só un 18% escaso do alumnado entre 7 e 13 anos ten o nivel escolar que lle corresponde á súa idade cronolóxica; isto é, o 82% presenta algún grao de desaproveitamento”. As condicións pedagóxicas da propia escolarización, en es-

35 MEC, *Informe sobre la escolarización en la EGB*, Madrid, 1972, pp. 287-290.

36 Seguindo a información oficial que consta en PRESIDENCIA DEL GOBIERNO/INE, *Estatística de la enseñanza en España. Curso 1969-70*, Madrid, 1971, *passim*.

37 A situación de fracaso no período levará mesmo a Anaya Santos a falar da depresión cultural. Vid. ANAYA SANTOS G., *La depresión cultural gallega*, Vigo, Galaxia, 1970, *passim*.

pecial na maioritaria Galicia rural (aprendizaxe abstracta, noutro idioma, sen contextualización cultural, con escaseza extrema de recursos didácticos) conducían elas mesmas á constatación desa problemática do fracaso³⁸.

O alumnado matriculado nos Institutos públicos de Bacharelato (de ensino Medio) no curso de 1954-55 facíao na modalidade de matrícula oficial pública nunha reducida porcentaxe (o 26.14%), estando matriculado, sobre todo, na modalidade libre e colexiada (máis do 73%). A maiores dos 19.500 alumnos matriculados en Bacharelato (elemental e superior) había daquela 359 alumnos do Curso Preuniversitario, que representaban só o 4% de toda a matrícula española correspondente. A matrícula total de Bacharelato experimentara un certo crecemento con respecto aos 8.738 matriculados do curso 1932-33, pero os maiores incrementos estaban por vir. Chegarían a ser un total de 85.887 matriculados en 1970, con matrícula oficial o 31.33% deles, aos que se poderían engadir os 23.345 matriculados no Bacharelato Técnico (nas súas catro modalidades). Seguirían crecendo estas cifras de matriculados, ao mesmo tempo que o número de centros de Bacharelato: os 32 de carácter público existentes en 1970 (21 institutos, sete seccións delegadas e catro seccións filiais), chegarían a ser 49 en 1976-77, mentres que se reducía nos mesmos anos o número de centros privados ao pasar dos 121 (“recoñecidos” e “autorizados”, “libres adoptados”) aos 87 (“homologados”, habilitados e libres) en 1976, tanto por mor de aplicación das previsións da LXE, como da desaparición de moitos centros de pequeno tamaño e baixa calidade infraestrutural, mentres aumentaba o tamaño de outros. No curso de 1976-77 o total de profesores de bacharelato en centros públicos acadaba a cifra de 3149, o 51% deles varóns; representaban o 6.44% do total estatal.

Os Institutos Laborais existentes en Galicia (Bacharelato Técnico), unha recente creación de 1954, tiñan daquela arredor de cen alumnos en cada caso. Impartíase neles maioritariamente a modalidade “agrícola-gandeira”; Vilagarcía e Noia impartían a modalidade “marítimo-pesqueira”, e a “industrial e mineira” impartíase no de Cee. Co paso dos anos aumentou a presenza destes centros con diversas modalidades; en 1968 dispoñían de Instituto laboral tamén as localidades de Lalín, Marín, Tui, Ribadavia, Mondoñedo, Ribadeo, Sarria, Betanzos e Vilalba. As Escolas de Comercio, pola súa parte, estaban situadas en 1968 n’A Coruña, Vigo, Ourense e Lugo, adquiríndose nestes centros oficiais o grao de perito mercantil e o de profesor mercantil.

En canto ao ensino técnico-industrial, só había en Galicia en 1954 a Escola de Peritos Industriais de Vigo e o seu alumnado representaba a miseria do 0.20% de toda a matrícula española de peritaxe industrial (N= 10.823), que incluía, ademais, os inscritos nas Escolas de Aparelladores, Axudantes de Obras Públicas, Minas e Metalurxia, Tecidos de Punto e

38 Isto que aparece tratado e reflectido por Jesús CAMBRE MARIÑO (*Educación e Desenrolo*, Vigo, Galaxia, 1969) e por nós (*Vid. COSTA RICO, A., O ensino en Galicia. Problemática e perspectivas*, Santiago de Compostela, Ed. do Cerne, 1980) foi motivo dunha atenta valoración crítica por parte de CARIDE GÓMEZ e ROUCO FERREIRO: “A educación nos contextos sociais: a súa caracterización nos medios rural e urbano”, en ICE, *A Educación en Galicia. Informe Cero*, Universidade de Santiago, 1990, T.II, pp. 21-50.

Telecomunicación. Nada disto había en Galicia. En 1968³⁹ a de Vigo pasaría a ser Escola de Enxeñaría Técnica Industrial, habendo outra de Enxeñaría Técnica Naval en Ferrol e outra de carácter agrícola en Lugo. En todo caso, rexistrouse un certo aumento no número de centros de Formación Profesional Industrial. Así, na cidade da Coruña había: un centro de FP Acelerada, a Escola de Aprendices da Fábrica de Armas, a Escola Oficial de Mestría Industrial, a Escola Profesional Fogar Calvo Sotelo, a Universidade Laboral, en Cullerdo. En Ferrol existía Escola de Mestría Industrial e Escola de Aprendices de Bazán. Santiago dispoñía de dúas escolas oficiais de mestría industrial, unha delas exclusivamente feminina. Tamén as cidades de Pontevedra, Ourense e Lugo comezaron a dispoñer de escolas de mestría industrial, como tamén a de Vigo, que contaba asemade cun Centro de Productividade Industrial e un centro de FP Acelerada. Monforte contaba, pola súa parte, cunha Escola de Aprendizaxe Industrial, coas especialidades de metal e electricidade.

O ensino técnico-marítimo gozaba dalgunha maior consideración. A Escola Media de Pesca de Vigo establecida en 1940 pasou a ser Escola Marítimo-Pesqueira no curso 1964-65, consolidándose asemade a de Náutica da Coruña. Sendo Galicia un país de produción agraria tan importante careceuse, sen embargo, ata case os anos setenta, de centros técnicos agrícolas. En todo caso, e como escolas de iniciación profesional agraria tiñamos en 1954-55 a de Capataces Agrícolas de Oleiros (con 9 profesores e 31 alumnos naquel intre) e a de Capataces Forestais de Lourizán (Pontevedra) (con 7 profesores e 20 alumnos). En 1968 había algunhas outras escolas de capataces agrarios: en Ponteareas, en Ourense e en Guísamo.

Alén do ensino medio hai que considerar asemade o ensino laboral conformado polas Escolas de Artes Aplicadas e Oficios; só tres había en Galicia: a da Coruña, a de Santiago e a pequena de Mondoñedo. Anos máis tarde pecharíase esta e crearíase unha nova en Lugo e outra en Pontevedra. Contra fins dos anos sesenta crearíanse ademais as Universidades Laborais da Coruña e Ourense.

Galicia dispoñía da Universidade de Santiago, unha das doce de todo o Estado, con só cinco Facultades (Filosofía e Letras, Ciencias, Dereito, Farmacia e Medicina), só 3.279 alumnos en 1954 (807 deles do sexo feminino), isto é só 300 alumnos máis que no curso 1933-34, sendo a metade deles “alumnos libres”, e 242 profesores (eran 132 no curso 1933-34), que en máis dun 90% eran homes. En 1970 comezaría a súa actividade a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e a matrícula ascenderá aos 8.190 estudantes, aínda que case un 25% deles eran alumnos libres, e probablemente non residentes na cidade de Santiago, sendo do sexo feminino pouco máis do 25% deste alumnado matriculado. Así e todo, a matrícula universitaria experimentará un paulatino crecemento, de tal modo que en 1978 haberá 18.072 alumnos de Facultades, 5.191 nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado, 973 de Estudos Empresariais, 2.135 nas Escolas de Enxeñaría Técnica e 445 nas Escolas Técnicas Superiores.

39 S. A., *Centros de enseñanza de España*, Madrid, Publicaciones Guía de la Comisaría para el SEU, 1968 (datos das provincias galegas).

O sistema educativo comprendía, asimesmo, á altura de 1968, unha pequena gama de ensinos varios: unha Escola Social en Santiago de Compostela, dúas de Turismo en Vigo e na Coruña, unha de Axudantes Técnicos Sanitarios e unha máis de Pediatría en Santiago, a Sociedade Económica de Amigos do País en Santiago co seu Conservatorio Elemental de Música, o Conservatorio Profesional de Música da Coruña, os Conservatorios elementais de Ourense e Pontevedra, as Escolas Navais Militares de Ferrol, Vigo, e Marín, e un conxunto de cinco seminarios, un por cada diocese galega. A sumar, igualmente, as varias Escolas de Maxisterio: as oficiais situadas n' A Coruña, Lugo, Santiago, Ourense e Pontevedra, cun total de 134 profesores e 2.407 alumnos, isto é, o 5.56% da matrícula de todo o Estado español en centros oficiais; había, ademais, varias Escolas de Maxisterio privadas en Galicia: en Vigo, en Ourense e en Ferrol.

O país que se deixa ver cando alborean os anos sesenta está caracterizado pola forte compoñente aínda pre-capitalista da súa economía agro-mariñeira⁴⁰. Vive en hábitats rurais o 80% das súa poboación, dispersa en máis de 31.000 entidades, e aínda en 1975 case o 47% da poboación activa de Galicia está ligada ao sector primario e a unha agricultura en grande medida de minifundio, cunha alta produción para autoconsumo e con taxas de escaso valor engadido, cando o promedio estatal de tal poboación activa estaba situado no 20.56%. Nestas circunstancias, ante unha certa expansión demográfica, que non atopa a desexábel correlación no incremento da produción económica agrario-marítima, nin na expansión doutros sectores produtivos, vivindo o país en condicións de dependencia centralista, baixo o control de redes caciquís de obediencia franquista, e sen capacidade propia de regular e impulsar o desenvolvemento, volvería producirse unha intensa riada emigratoria, da que dan conta as 397.972 persoas contabilizadas como emigrantes de Galicia, para o período 1964-1973, polo *Instituto Nacional de Estadística* e o *Observatorio Estadístico Regional de Galicia* (OERGA). No plano psicosocial, despois do que fora a intensa represión falanxista-franquista-eclesiástica do tempo da guerra e dos anos corenta, podían observarse actitudes psicolóxicas defensivas, falla de iniciativa social e de conciencia colectiva, frustración histórica, desconfianza, e automenosprezo cultural e lingüístico, segundo o describían os analistas sociais. Neste panorama non alentador, con todo, irían agromando sectores sociais con conciencia das contradicións socio-políticas nas que se vivía e da necesidade de abrir novos camiños de esperanza⁴¹.

Con algúns destes rasgos era calificada a realidade galega polo propio Plan Galicia do MEC: fálase nel dunha rexión diferenciada e subdesenvolvida, "*sociológicamente distinta de cualquier otra región española*", "*un verdadero pequeño país aislado del resto de España*", no que se podían apreciar a reducida urbanización, a extrema dispersión en canto aos núcleos de poboación, a superposición cultural e non integración entre o mundo "*oficial*" e o mundo cultural tradicionalmente galego, e unha fortísima emigración. No plano escolar poñíase de manifesto que "*se impuso un modelo escolar fundamentalmente urbano (y) el*

40 Así o mostra Xosé M. Beiras no seu texto-informe de 1967, *El problema del desarrollo en la Galicia rural* (Vigo, Galaxia) que antecederá o seu *O atraso económico*.

41 Esta atmosfera aparece plasmada no recente conxunto de textos do escritor Manuel Rivas, *As voces baixas* (Vigo, Xerais, 2012).

maestro ha sido a menudo un factor extraño que habla otro idioma y que desarrolla una labor mínimamente apreciada” (p. 17); isto traía como consecuencia o notorio desaxuste entre a escola e a realidade social, que explicaría o “*relativo fracaso del sistema escolar institucional en Galicia*”, cuestión que facía necesaria a “*especialización del profesorado en Galicia ante su compleja realidad*”, habendo, pois, moito que facer en particular con respecto á escola rural, pero tamén con respecto aos ensinos medios, á formación profesional, ou á educación da muller, ao ter en conta as baixas taxas de escolaridade que en Galicia aínda se rexistraban⁴², en comparanza coas medias estatais, como consecuencia xeral do “*abandono permanente de la región en el terreno educativo*” (p. 153).

Así e todo, é do caso salientar que o “*desarrollismo*” económico dos anos sesenta induciu diversas transformacións sociolóxicas que, pola súa parte, conduciron ao aumento das demandas sociais de educación, e que a propia aceleración económica esixía o incremento e a diversificación dos capitais humanos, nun contraditorio contexto político. Foi aquí onde se impuxo a tese tecnocrática da “*modernización educativa*”, apoiada polos sectores capitalistas expansivos, que se traduciu na Lei Xeral de Educación, que creaba unha etapa educativa básica unificada de oito cursos (entre os seis e os catorce anos) e afirmaba legalmente diversas directrices renovadoras en canto ao tratamento das cuestións pedagóxicas.

No mesmo ano de 1970, o Ministerio de Educación aprobaba o primeiro plan rexional que se ensaiaba para levar a cabo os ditados da Lei: tratábase da *Planificación de la Educación. Galicia*, un documento no que de modo oficial se analizaban e expoñían, como dixemos, algunhas das eivas e problemáticas máis agudas do desenvolvemento educativo de Galicia, recoñecéndose taxas da escolarización distanciadas dos promedios españois, sobre todo nos períodos correspondentes á educación preescolar, secundaria e universitaria. Con estes antecedentes, o Plan Galicia (un plan de creación e adaptación de centros e infraestruturas escolares para a implantación en todo o territorio galego da LXE no período 1971-1975) definiu un mapa comarcal educativo e unhas entidades de poboación como cabeceiras nas que asentar o amplo conxunto de novos centros de EXB (Educación Xeral Básica), BUP (Bacharelato) e de FP (Formación Profesional), tomando por base o criterio da concentración comarcal de recursos técnicos e humanos, a fin de que toda a xeografía de Galicia poidese contar cunha dotación básica de tales recursos.

Con esta perspectiva comezou unha actuación⁴³ que dentro do mesmo quinquenio se veu sometida, porén, a modificacións que a miúdo alteraban os propósitos inicialmente

42 A nítida conciencia sobre a inxustiza que representaba a escasa escolarización dos nenos e nenas comprendidas no tempo da educación preescolar/infantil levaría a escribir un notábel texto sobre esta marxinación infantil: *vid.* PUMARIÑO, A. F., “A marxinación educativa dos nenos labregos”, *Encrucillada*, nº 1, 1976, pp. 51-59. Cando este texto se escribiu estaba a punto de promoverse unha iniciativa pedagóxica singular, “Preescolar na casa”, que tanta relevancia iría acadando desde o seu nacemento en 1977. En 2012, a crise económica e a valoración feita pola Xunta de Galicia, baixo un goberno do Partido Popular, liquidaron esta experiencia.

43 CASTILLO CASTILLO, J., *La reforma educativa y el cambio social en Galicia: consideraciones sociológicas sobre la enseñanza primaria gallega*, Santiago de Compostela, Instituto de Ciencias de la Educación, 1972 (reed. en 1976).

definidos polo Plan. As diminucións nos recursos económicos previstos, en parte debido aos déficits económicos derivados da crise económica internacional dos anos setenta, a orientación preferente da demanda social escolarizadora cara os estudos de BUP con postergación dos de FP, as limitacións e as urxencias das actuacións administrativas, e os propios efectos derivados dunha planificación tecnocrática, sen o concurso da participación na planificación, levaron a desenvolver ao longo de case toda a década dos setenta, a miúdo con criterios de moi dubidosa racionalidade, as infraestruturas escolares. Disto foron exemplo as aulas prefabricadas, as “extensións” dos Institutos, a destrución dos espazos polivalentes nos novos colexios tan recentemente construídos, ou de parte das novas instalacións de comedores escolares, para no seu lugar dispoñer de aulas, todo isto sen, por outra parte, tomar en conta a necesidade habitual de porches cubertos e de instalacións deportivas.

A este respecto, son elocuentes diversas exposicións sobre o estado escolar que aínda se podían facer na fin dos pasados anos setenta, como deixan entrever os seguintes fragmentos de memoria⁴⁴:

Este Colexio Nacional Mixto de Trabada, creado en 1974 a través da concentración de 15 escolas unitarias de nenos e de nenas, veu funcionando con carácter provisorio nos dous locais das antigas unitarias da capitalidade do municipio e en oito locais máis, habilitados en baixos de casas e garaxes, aceptables unicamente polo seu carácter de provisionalidade (durante tres cursos), tendo o grave inconveniente de estar separados e situados ao longo da estrada, co conseguinte perigo, dada a circulación rodada.

A escola unitaria mixta (concello de Monforte, parroquia a 5 Kms. de Monforte, con 365 habitantes e 110 familias) foi creada no curso de 1978-79 para alumnos de 4 a 7 anos, ocupando como local escolar unha habitación de 16 metros cadrados dunha casa particular deshabitada, e situada enriba dunha corte ocupada por coellos e ovellas. O sistema de calefacción é unha estufa de gas butano. Conta cun mobiliario funcional e pedagóxico, así como con material escolar adecuado, enviado polo Ministerio no ano 78. No local desenvólvese a clase diaria de 6 nenos durante 5 horas.

A escola da parroquia de Piñeira, con 49 familias e 217 habitantes, está situada a 3.5 kms. de Monforte: o patio de recreo é unha explanada que rodea o cemiterio e a igrexa. A isto engádeselle o perigo que supón a situación de tres pozos que son un constante perigo para os nenos, así como unhas escadas de acceso ao local que están totalmente esbroadas. O local conta cun servizo sanitario sen ventilación e sen auga corrente. En todo caso, está construíndose un novo local.

44 Son fragmentos procedentes de traballos de aula na materia de Organización Escolar desempeñada polo autor na anterior Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, realizados nos anos 1977 e 1978. Recordan extraordinariamente ás imaxes trazadas por Luís Bello. Vid. COSTA RICO, A. (ed.), *Luis Bello. Viaje por las escuelas de Galicia*, Vigo, Nigratrea, 2010. Nova edición revisada e anotada dos textos xornalísticos de Bello, editados por primeira vez en 1973, con introdución daquela elaborada polo profesor Gonzalo Anaya Santos.

Aínda así o crecemento do parque de construcións escolares tiña lugar, con condicións técnicas en ocasións dúbidas⁴⁵: reducíase o número de centros e aumentaba o número de unidades e de postos escolares; isto é, estíbese procedendo a unha importante concentración de unidades escolares, mentres o Ministerio de Educación —desde as súas Delegacións provinciais— e os Concellos abandoaban á súa sorte ás escolas rurais que permanecían abertas (ao non ser concentradas). Os alumnos “concentrados”, co apoio da cada vez máis ampla rede de transportes escolares —trasladaríanse durante o curso 1977-78 ata 121.500 escolares diariamente—, chegaban a dispoñer a pesar dos contratemplos dunha máis ampla e cualificada gama de recursos humanos e técnicos para a súa educación, que non os que permanecían nas escolas rurais.

Baixo o sometemento a unha política educativa centralista e uniformizadora, seguida ao pé da letra polos Delegados provinciais do Ministerio de Educación e polos inspectores de educación primaria, a Galicia rural e semi-rural ía inzando de concentracións escolares nas que imperaba unha racionalidade didáctica de inspiración tecnocratizante, en coexistencia con hábitos docentes tradicionais, mentres pervivían en xeral estado carencial as escolas unitarias e as incompletas de EXB, desaproveitándose unha ocasión privilexiada para acompañar un replanteamiento xeral das infraestruturas educativas e para repensar a organización escolar na Galicia non urbana (e tamén no conxunto), en conexión con criterios derivados do que deba ser un desenvolvemento social integrado e fundamentalmente endógeno. Isto debería igualmente traducirse en programas específicos de formación do profesorado, en incentivos de actuación profesional (que evitasen mesmo o abandono das comunidades rurais por parte dun numeroso profesorado instalado en hábitats urbanos e que tamén se desprazaba diariamente aos novos colexios durante as horas laborais), na preparación de materiais didácticos específicos e noutras medidas que puidesen conducir á existencia dunha nova escola.

Primou o cuantitativo, mentres a renovación de todos os aspectos que cualifican a acción docente se establece só na superficie das cousas. Non se combatía con criterios definidos e avaliación de programas o fracaso e o retraso escolares; os contidos curriculares, máis alá das fermosas excepcións, permanecían distanciados e mesmo enfrontados coa lingua e coa cultura galega e coas necesidades culturais e sociais do alumnado; e a organización dos centros —tamén os de ensino medio— estaba sometida a unha notable precariedade, da que formaba parte a inestabilidade docente, dado o extenso número de profesores funcionarios interinos, por unha parte, e asimesmo de profesores provisionais e non numerarios, por outra, mediatizados pola política administrativa de traslados⁴⁶ e de anuais renovacións de postos laborais.

45 Non está de máis recordar, por exemplo, que a Consellaría de Educación en 1988 decidiu derrubar e reconstruír, nunha operación sen precedentes, nun mesmo e breve período de tempo unha ducia de colexios públicos de Vigo, que tiñan pouco máis de quince anos de vida, dadas as súas deficientes condicións construtivas, algo que afectou asimesmo a outros centros de toda a xeografía galega.

46 Esta circunstancia conduciu, en particular nos anos 1974 a 1977, a trasladar anualmente a varios centos de profesores primarios de Galicia a outras comunidades do Estado, non sen protestas sociais e de carácter sindical, baixo o lema “nin un neno sen escola nin un mestre sen traballo”, poñendo de relevo que había unhas

Ao longo dos anos setenta mantivéronse outras deficiencias. As unidades e postos públicos de educación infantil incrementáronse ben por debaixo das necesidades sociais, como igualmente os postos en unidades de educación especial —aínda non estaba planteado o principio da integración de alumnado con necesidades educativas específicas—; tocantes á formación profesional houbo unha deriva cara ao potenciamento descontrolado da rama profesional administrativa (de menor custe na súa implantación ca outras), desconsiderándose as necesidades formativas e demandas do mercado laboral; e a Universidade de Santiago tiña que afrontar unha demanda en crecemento con estruturas netamente insuficientes e precarias, como eran os Colexios Universitarios da Coruña, de Ourense e o de Vigo (creados en 1972), cun profesorado con alta inestabilidade, en proceso de formación, aínda que xa sometido a importantes cargas docentes, resentíndose por iso a calidade universitaria, á que non axudaba tampouco o ser considerada a de Santiago unha Universidade de paso e ascenso por unha parte do profesorado de mellor cualificación e con alguna frecuencia non galego.

Ao longo da década dos setenta produciuse un considerábel crecemento da iniciativa privada e urbana de educación, conformada tanto por centros relixiosos reconvertidos e axustados aos criterios da LXE, como tamén e cada vez máis por outros de iniciativa particular, nuns casos planteados desde un espírito de élite cultural e social, noutros como ocasión de lucro económico, ou aínda promovidos por grupos de profesores, como vía de inserción no mercado laboral e de resposta a unhas demandas sociais, adoptando en ocasións a figura das cooperativas escolares. Entre todos eles hai centros con diversa singularidade: os seminarios; o colexio dos Padres Somascos en Tui, de procedencia italiana e instalados na Guarda co liderato do Padre Orestes Caimotto, de modo pioneiro en España, en 1957, cubrindo así o baleiro que deixaran os xesuítas que se foran de Camposancos polos mesmos anos; o Colexio-Fogar que a Caixa de Aforros Municipal de Vigo impulsou desde 1948 en Vigo, baixo a tutela educativa dos salesianos, cunha adicación moi forte á formación profesional; o Colexio de Orfos de Oficiais do Exército instalado en Padrón entre 1946 e 1974, baixo a tutela das Fillas da Caridade de San Vicente de Paul⁴⁷; o Colexio-Seminario dos franciscanos en Herbón (Padrón); o Colexio de Subnormais de A Barcia (Santiago) construído en 1981 polo MEC en terreos doados pola Caixa de Aforros de Santiago; o Colexio de Xordomudos e Cegos de Santiago de Compostela que en 1975 tiña 169 alumnos e alumnas, con internado, procedentes de toda Galicia; o colexio de Madres Calasancias (“Hijas de la Divina Pastora”) de Monforte de Lemos, o primeiro dos calasancias creado en Galicia en 1915 polo galego Padre Faustino Míguez, un colexio que tivo internado ata 1987, que dispuxo entre 1969 e 1976 de Escola privada de Maxisterio, e que chegou a ter ata 30 calasancias no seu cadro docente.

necesidades escolares por cubrir aínda e que había os recursos docentes para poder facelo, polo que non debía haber traslados forzosos de docentes fóra de Galicia, algo que mediante as distintas presións sociais se conquisou en 1978.

47 Un dos máis de 40 colexios de orfos do exército instalados en todo o Estado Español. Hoxe nas súas instalacións renovadas está o denominado CEIP Flavia.

A década pechaba cun novo impulso público á creación de postos escolares derivado dos pactos socio-políticos da Moncloa de 1977, que significaban en Galicia a creación de máis de 51.000 postos, dos que 49.000 tiñan un investimento comprometido un ano máis tarde.

Ao finalizar os anos setenta, nun momento de inicio dos cambios políticos democráticos, o noso era aínda un sistema clasista e seleccionador, que sancionaba socialmente a división social existente; mediante procesos educativos diferenciados, a través da bifurcación BUP-FP aos 14 anos de idade, poñíase en práctica igualmente un funcionamento diversificado do sistema escolar, o que do mesmo modo acontecía —dito con criterio sociolóxico— a través da diferenciada oferta urbano-rural e privada-pública, coas excepcións que sería do caso considerar. Un sistema educativo ao que, sen dúbida, acudían máis persoas que nunca, mais de modo moi desaxustado e claramente diferencial, o que propiciaría unha crecente protesta social na procura da democratización educativa.

Nacional-catolicismo e antigaleguismo escolar

Entre os anos corenta e sesenta a vida social perderá baixo o peso da represión franquista o pulso anteriormente vivo; mentres, os *partes* da Radio Nacional, o NO-DO e a prensa do Movemento nutrían os estados de opinión politicamente correctos; o latín na Igrexa e o “español” na vida pública e oficial eran os modos de expresión sacralizados e dignificados. Aquelo que chamaban “dialecto”, o galego, era como moito soportable, fóra dos ámbitos anteriores, polo encanto do rústico e das tenras terminacións en “-iño”, como nos facían sentir cando cantabamos algún nadal para “o *neniño Jesús*”. Os lemas das frases pintadas e dos cartaces presentes en moi distintos lugares da vida pública recordaban: “*sea patriota. Hable español*”, “*Hablad la lengua del Imperio*” (¿quen ousaría contravir a orde?). Nas ventaiñas das oficinas públicas a miúdo a xente era tratada con conmisericordia, cando non burla, caso de expresarse en galego ou en *castrapo* —a mestura de galego e castelán—; na escola, no instituto, no seminario podían os alumnos ser castigados por non expresarse correctamente na lingua “*española*”.

Así, íase instalando na conciencia dos galego-falantes, a inmensa maioría da poboación, o sentimento de dúbida ante o valor do galego, falado pero non escrito, falado pero sen norma culta, moi rico lexicamente para as referencias ao mundo agro-mariñeiro, pero expresivamente pobre ante as novas referencias urbanas. Un sentimento de dúbida, avivado por prexuízos e polo desprestixio social, o que a miúdo chegaba a transformarse en complexo de inferioridade social e cultural⁴⁸ e aínda en ocasións en autoxenreira por

48 O ensaio de Ramón PIÑEIRO LÓPEZ *A linguaxe e as linguas* (Vigo, Galaxia, 1967) é recoñecido como documento fundamental de análise e interpretación do choque cultural profundo que se vivía. Decía con respecto aos nenos (p. 28): “Unha escola que prescinde da lingua materna, da lingua usual, da lingua na que aprenderon a falar e na única que poden expresarse os nenos, dará, como resultado do seu labor, estes dous froitos: abafarlles a súa personalidade íntima e meteralles na cabeza máis ou menos coñecementos de tipo intelectual. Pro unha pedagogía que por unha banda lesiona profundamente a personalidade do neno, porque lle tolle a íntima confianza en sí mesmo, e por outra banda dalle coñecementos puramente abstractos é unha mala pedagogía, porque é contradictoria cos seus fins propios.”

parte de quen sentían a necesidade particular de facer desaparecer a súa imaxe galega, proxectada e construída por outros, como manifestación perversa da “profunda humillación espiritual dun pobo”⁴⁹.

Á fin dos anos sesenta, cando algún núcleo de mozos universitarios querían facer da lingua galega canción, tecendo coas súas palabras un territorio para a democracia e a esperanza, comezaba tamén a máis grave desintegración espiritual e cultural do pobo galego. Nun clima de carencia de democracia e nas circunstancias nas que se daba o proceso de choque cultural, non era doada unha resposta alternativa, e en efecto, a capacidade de resistencia e de creatividade xeradora de polos culturais emerxentes era aínda ben escasa: unhas poucas asociacións e sociedades culturais urbanas⁵⁰, catro editoriais⁵¹, dúas dúcias de libros en galego editados anualmente⁵² á fin dos anos sesenta, algunhas voces pedindo a presenza do galego na escola, dúas reducidas agrupacións políticas nacionalistas, e un uso crecente do ciclostilo clandestino.

Con todo, algo comezaba a querer cambiar. Ao abeiro de demandas sociais e de tomas de conciencia sobre a necesidade da reforma social e política, foise xerando un tecido en forma de redes sociais de reducido tamaño humano, mais con importancia suficiente: fosen plataformas obreiras do movemento católico como a HOAC, gromos sindicais, como as CCOO, a Organización Obreira, o Sindicato Obreiro Galego, ou a USO, plataformas como o Frente de Liberación Popular (FLP) e partidos políticos de filiación comunista e nacionalista, os Comités Labregos, organizacións estudiantís como os Comités ou os Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA), e unha mancha de asociación culturais, sobre as que recaeu un mesto traballo de concienciación social de horizonte democrático e galeguizador, que foi preciso para arribar ao tempo novo⁵³, do que máis abaixo se falará.

49 *Ibid*, p. 30. Vid. tamén ALONSO MONTERO, X., “A problemática do galego”, en *O porvir da lingua galega*, Lugo, Círculo de las Artes, 1968, p. 9.

50 Como era o caso d’*O Galo* (Santiago, 1961), d’*O Facho*, que desde 1968 impulsou o concurso anual de contos infantís en galego, ou da *Asociación Cultural de Vigo*, que polo mesmo tempo impulsaba a aparición de colantes cos lemas “Falemos galego” e “Galego na escola”.

51 A edición en galego sufriu en Galicia un colapso case total entre 1936 e 1950, cando se fundou Galaxia. Entre unha data e a outra, agás as edicións en galego realizadas na Arxentina e que aquí chegaban agachadas nas bodegas dos barcos, só podemos falar dalgúns escasos títulos a partir dos *Cómaros verdes* de Iglesias Alvariño (1947). Galaxia en 1965 dispoñía dun catálogo de 120 títulos, e as publicacións *Grial* e a *Revista de Economía de Galicia*; dez anos máis tarde chegaba a un fondo de 260 títulos. Cara os últimos anos sesenta nacían asimesmo as editoriais SEPT, impulsada, entre outros, por Illa Couto, Castrelos, que aparecía da man de Xosé M^º Álvarez Blázquez e que contaba co antecedente de Edicións Monterrey, e Edicións do Castro, que acompañaba ao proxecto Sargadelos, dirixido por Isaac Díaz Pardo e por Luis Seoane.

52 Entre tales edicións, en 1966 aparecían os dous primeiros libros de Galaxia dirixidos ao público infantil, traducidos do catalán pola escritora Xohana Torres, *O abeto valente* e *O globo de papel*. Entre 1967 e 1973 a nómina chegará aos dezaioito títulos. Hai que salientar a aparición en 1965 da tradución galega dos evangelios, feita polos cregos X. Morente e Manuel Espiña (*A palabra de Deus. Evanxelos*, Vigo, Ed. do Adro/SEPT); este último autor promoveu distintas iniciativas favorables á galeguización da vida social e do ensino, entre as que cabe sinalar a creación da Asociación Católica de Mestres da Coruña, desde onde se preparou a edición do método de lectura en galego *Picariños* en 1974.

53 GURRIARÁN, R., *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega/Fundación 10 de marzo, 2012.

Como sinalaba Alonso Montero: “milleiros de mozos universitarios cantan en galego o *Venceremos nós*”, que propagaban os de *Voces Ceibes* —nadas en 1967—. Querían deixar atrás moitas cousas doutroa e algunhas soadas ruindades. A crecente presión duns coma doutros e mesmo a denuncia académica que poñía en evidencia a clara discriminación escolar dos galego-falantes⁵⁴, habería de ter algunha consecuencia e así, á altura de 1975, o Goberno central aprobaba as primeiras normas⁵⁵ que abrían o espazo legal para o cultivo escolar da lingua galega; isto é, abríase a porta, encarreirándose cara ao horizonte da futura Lei de Normalización da Lingua Galega (1983); abríase o tempo no que “a escola estaba a mudar”⁵⁶.

As illas luminosas

No medio daquel primeiro ermo cultural, houbo algún alento para levar a cabo experiencias de educación en semi-liberdade, ou con rasgos de creatividade. Así se fixo nalgúns escolas públicas, como sen dúbida ocorreu na medio agochada escola de Carracedo (A Gudiña) atendida por Laureano Prieto (o autor dos *Contos pra nenos*, editado en 1968), nos anos cincuenta, ou nas aulas de bacharelato oficial, como as do Instituto de Lugo nas que impartía Xesús Alonso Montero⁵⁷, ou as do de Vigo, coa presenza de Rufo Pérez González, que ao tempo atendía labores editoriais de Galaxia. Así se fixo, por igual, nalgúns das aulas de academias e preceptorías privadas, como aquelas que atendían en distintos lugares destacados profesores de espírito republicano, entre as que sería bo citar a Balmes de Lugo, con don Gregorio Sanz (quen está no fondo do fermoso film de Rueda *A lingua das volvoretas*); a dos Irmáns Saco López en Monforte (despois do paso de Cesáreo por varios anos de cadea); a Galicia da Coruña, impulsada por quen fora destacado inspector de ensino Luciano Seoane e os seus fillos; a “Estudios Galicia” atendida por don Albino Núñez Domínguez en Ourense, ou a preceptoría San José atendida por don Xesús Pereira Vilariño, da que nos falou a súa filla e máis tamén Xosé M. Beiras Torrado⁵⁸.

54 PÉREZ VILARIÑO, X., *Dependencia y discriminación escolar en Galicia*, Madrid, Akal (Arealonguiña), 1978.

55 Decreto 1433 *Incorporación de las lenguas nativas a los programas de Preescolar y EGB*; *Decreto de regulación del uso de las lenguas regionales*, de 1975 e *Real Decreto 1981/1979 polo que se regula a incorporación da lingua galega ó sistema educativo de Galicia*.

56 COSTA RICO, A., “A escola que mudou: dinámicas, innovacións e experiencias na educación en Galicia (1961-2000)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 11, 2007, pp. 7-36.

57 Xesús Alonso Montero deixou unha moi notada pegada no Instituto Masculino de Lugo. Desde alí incidiu na actividade editora da Librería Celta e na edición das coleccións Arealonga e Arealonguiña da editorial do galego Ramón Akal. Como froito do seu traballo pedagóxico os alumnos do Instituto prepararon varios libros no inicio dos anos setenta, como por exemplo: ALUMNOS DE 4º do INSTITUTO MASCULINO DE LUGO, *Declaración dos dereitos do Neno e outras cousas nosas*, Lugo, Celta, 1973.

58 FERNAN-VELLO, PILLADO MAYOR, F., *A nación incesante. Conversas con Xosé M Beiras*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1989, pp. 24-25.

Así aconteceu na escola agrícola da Granxa Barreiros, guiada pola man habelenciosa de Avelino Pousa Antelo, que pastoreaba algunhas outras, e na tan urbana Escola Rosalía Castro de Vigo, co mimo e a intelixencia de Antía Cal⁵⁹.

A escola-agrícola da Granxa Barreiros da parroquia de Ortoá (Sarria) naceu como un proxecto de crear unha escola neste lugar por parte do empresario agrícola de alí natural, Antonio Fernández López. En 1948 abría as súas portas no medio do campo esta escola da parroquia, de planta baixa, con casa do mestre, cun xardín, un pequeno campo de xogos e uns cómaros. Fixérase *ex profeso*. E os nenos acudiron dende aquel curso ata 1967 en que a experiencia pechou as súas portas⁶⁰. Ate 108 nenos chegaron a ser alí escolarizados nun curso, cando o local escolar tiña unha disponibilidad de trinta e seis postos. Por iso, durante varios anos alí exercían Avelino Pousa que daba catro horas de clase polas mañás a rapaces e rapazas de dez a catorce anos; facíao pola tarde unha mestra (María Teresa López Carrozas) durante catro horas a nenos e nenas de seis a dez anos, e á noiña volvíaa a dar clase Avelino Pousa para mozos e mozas que pasaban dos catorce anos.

Por desavinzas con Don Antonio Fernández López, logo de case oito anos de intenso labor escolar, Avelino Pousa deixou esta escola e reingresou no maxisterio público en 1955, se ben, en 1957, a escola de Barreiros reemprendeu o seu traballo, agora cun certo recoñecemento oficial como “escola primaria de orientación agrícola”, dependente do Patronato Fingoi —arredor do Colexio creado en Lugo polo mesmo empresario— e baixo a atención do novo mestre Valentín Arias López, que fora alumno durante bastantes anos de Avelino Pousa, que o preparou ata obter o título de Maxisterio, seguindo Valentín Arias durante dez anos (até 1967, en que pechou a escola e rematou a experiencia) as perspectivas pedagóxicas trazadas previamente.

A escola, que seguía polo xeral o programa oficial, distinguíase pola relación entre os contidos de aula e a vida social, cultural e produtiva do medio, nun clima de apoio ao protagonismo infantil na aprendizaxe, baixo a guía didáctica do mestre. Destacada atención tiñan as ciencias naturais e os temas de agricultura, sobre a base dos centros de interese e da globalización *decrolyana*, conectándose o estudo que se facía na escola coas producións no campo e cos traballos agrícolas, segundo as distintas estacións. Os nenos, entre trinta e corenta, distribuídos nos graos de iniciación, medio e superior, levaban a cabo unha ampla gama de actividades educativas: usando o terreo exterior da escola, dividido en parcelas, e o xardín, realizaban pequenos e variados cultivos agrícolas e de árbores froiteiras, facendo todos os traballos do caso e tomando notas de experimentación e de ob-

59 Sobre estas experiencias tivemos ocasión de escribir no noso texto *Historia da educación e da cultura en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2004, pp. 1074-1079, e en COSTA RICO, A., “A escola que mudou”, *op. cit.*

60 POUSA ANTELO, A., *Unha escola para a Galicia rural. A Escola Agrícola da Granxa de Barreiros (Sarria-Lugo)*, Sada, Edicións do Castro, 1988, e “Ensaio educativo en Galicia hai cincuenta anos”, en DAPÍA CONDE, M^a. D. e CID FERNÁNDEZ, X. M., *Da escola rural á educación social. Xornadas sobre os 25 anos de Freinet en Galicia*, Ourense, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2000, pp. 111-122. Sobre o estudo desta escola tamén se detivo, en particular, GABRIEL, N. de, *Agricultura e Escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 1989, pp. 77-116 e 129-145.

servación, algo que chegaba a alongarse ata as pequenas parcelas e sucos de contraste —para observación da calidade das terras e dos xeitos de cultivo—, que os nenos sostiñan nas terras da propiedade da familia; uns traballos que se completaban coa confección dos herbarios e insectarios reunidos na escola, e con actividades que supuxeron a introdución do cultivo de especies novas nas terras familiares e a aprendizaxe de técnicas de poda e de enxerto; chegaron a compoñer pequenas obriñas teatrais para representar; mantiñase un grupo de baile, de canto e de gaita galega; facíanse colleitas de contos e dicires da cultura popular galega⁶¹ e mesmo se sostiña correspondencia interescolar con algunhas outras escolas que se ensarillaron nun proxecto similar.

Coa axuda da súa dona, Avelino Pousa fixo da escola un centro de cultura popular: mantívose educación de adultos con alfabetización, divulgación agraria e sanitaria, tanto nos domingos, como mesmo por medio de visitas familiares que facía o mestre; aliméntouse unha biblioteca aberta á parroquia; facíanse reunións e algunhas festas cos viciños e familias...: era, así pois, unha escola en sesión continua, como escribiu o propio Avelino Pousa. Unha experiencia singular con influencia sobre outras escolas, a través dos oficiais “Cursillos Agropecuarios”, coa fin de que tamén outras escolas rurais puidesen organizar unha parte da súa actividade escolar seguindo unha orientación agropecuaria, con consecuencias positivas na modernización e racionalización dos cultivos agrarios, no cuidado dos animais, nas condicións sanitarias de produción (por exemplo do leite) e na produción frutícola. Unha experiencia formalmente organizada pola Inspección Primaria de Lugo, que, así, se estendeu pola xeografía lucense, e que posibilitou que algúns mestres fixesen un valioso traballo pedagóxico, entre eles Vicente Devesa, ou o propio Valentín Arias López.

Hai que salientar que en conexión directa coa escola de Barreiros (Sarria) naceu en Lugo en 1953 o Colexio Fingoi, impulsado polo mesmo empresario, como centro privado de ensino secundario, guiado didacticamente por similares perspectivas de Escola Nova. Nel exerceron algunhas destacadas personalidades como foi o caso de Ricardo Carvalho Calero⁶², Bernardino Graña ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Este escribiu que “Fingoi nos anos sesenta era unha illa de luz”⁶³.

Representaba —salientou— un espazo de liberdade e de disciplina e estaba animado por un espírito de avanzada e de contemporaneidade excéntrico no panorama desolador do ensino primario e medio de aqueles anos. A subordinación dos contidos aos ciclos da natureza, a unión de traballo manual e intelectual, a ausencia de libros de texto, as excursións educativas, a concepción máis ben liberal da pedagogía, a coeducación dos sexos, o galeguismo e progresismo que se respiraba en toda a vida do colexio, a insistencia no teatro e nas actividades culturais, todo e máis, configuraba un centro de ensino que se

61 Cunha selección de todo o material recollido e conservado, o escritor Bernardino Graña preparou o libro *Contos populares da provincia de Lugo*, Vigo, Galaxia, 1963.

62 Vid. REIMUNDE, R., “Unha (maravillosa) experiencia docente chamada Fingoi”, en *Cautivério de Fingoi. Os anos lugueses (1950-1965) de Don Ricardo Carvalho Calero*, Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2010, pp. 49-77.

63 MÉNDEZ FERRÍN, X. L., “Fingoi”, serie “Segunda Feira”, *Faro de Vigo*, 10.VII.2000.

distinguía, fortemente individualizado, de todos os demais. Fingoi, como o Colexio Estudio de Madrid, continuaba en pleno franquismo o espírito da *Institución Libre de Enseñanza* e do *Instituto Escuela*.

Cómpre salientar que o Fingoi foi igualmente madrugador en canto ao recoñecemento da importancia dos servizos da psicología escolar, contando para iso co saber de Ana María Pardo, formada en Xenebra cabo dos *piagetianos*, sendo tamén punto de partida desde onde nos pasados anos 80 xermolou a Escola de Verán de Lugo, que contou asemade coa colaboración dos ensinantes renovadores pertencentes a Acción Educativa de Madrid, incorporándose logo unha parte dos seus profesores ao movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. O Fingoi foi por outra parte un centro que mantivo sempre a súa conexión umbilical coa escoliña de Barreiros, co tempo trasmudada ata os días de hoxe en Escola Granxa.

A escola Rosalía de Castro, pola súa parte, naceu en 1961 na cidade de Vigo, impulsada pola profesora Antía Cal Vázquez, dona do oftalmólogo Antón Beiras García. Antía Cal, formada con criterios de pedagogía renovada e confrontada coa pedagogía franquista, tivo oportunidade, avanzados os anos cincuenta, de visitar e establecer contactos coa Oficina Internacional de Educación de Xenebra, onde quedou influenciada ao coñecer o legado pedagóxico pestalozziano. Na súa volta a Vigo, pensando nos seus fillos e nos doutras familias, comezou a matinar nas posibilidades de crear unha escola distinta e activa, un lugar para a coeducación, para o traballo en equipo, aberto ao medio social e cultural, e no que se cuidasen as linguas modernas.

Así foi como, co apoio do *British Council* e do seu delegado en Vigo (Mr. Mann), abría as súas portas en 1961 na rúa Pizarro e como escola inglesa, a que, con todo, levaba o nome de Rosalía de Castro; unha escola que en 1970 se trasladaba a un edificio da Gran Vía, e en 1975 á parroquia exterior de Bembrive. Achegada á vida e aberta ao exterior, promotora de democracia e de galeguización, aínda que fose de modo imperfecto, foi asemade plataforma de achegada das perspectivas renovadoras catalás a un sector dos ensinantes vigueses.

Tomando en consideración este camiño andado na mesma cidade, Tatá Viñas, pedagoga e filla do inspector de ensino primario Luís Viñas Cortegoso, do círculo de Galaxia e con labores na editorial Castrelos, había de impulsar na fronteira dos anos setenta o Colexio Martín Códax, outra volta aberto ao ideario da Escola Nova e a algunha inqueda galeguizadora. Algo que tamén se iría considerar na iniciativa do colexio Ándersen da man de Palmira González Boulosa.

Noutro escenario, o da cidade da Coruña, algún facho de luz pulaba por se deixar ver. Era o caso do Colexio dos xesuítas, o *Santa María del Mar*, todo un inqueda laboratorio pedagóxico⁶⁴: espazo para a renovación didáctica, para a creación de materiais e carpetas

64 Se cadra, o máis inqueda laboratorio pedagóxico existente na Galicia dos primeiros anos setenta, co seu punto de elitismo, e sen acenos galeguizadores. Ben interesante é a este respecto a contribución que neste mesmo número de *Sarmiento* nos deixa o profesor Felipe Trillo Alonso.

didácticas, para a formación do profesorado nos seminarios de verán aos que acudían especialistas e profesores de distintos lugares da xeografía española. Algo que se promovía co acompañamento dunha cuidada biblioteca pedagóxica, cecais a máis atenta en Galicia naqueles momentos⁶⁵. Polos corredores do colexio andou sempre atafagado Fernando Garrido Suárez, quen en 1977 fundaría *Padres y Maestros*, promovendo máis tarde unha das experiencias máis calladas de prensa escolar (*La Voz en la escuela*), a través da colaboración con *La Voz de Galicia*. Alí, entre outros, exerceron como didactas de ciencias Fernando Pariente ou Manuel Nuñez, logo devotos e impulsores da acción didáctica da Casa das Ciencias da Coruña.

Noutro lugar da cidade, Alfonso Sanmartín e outros profesores, chegados dos seus estudos universitarios na Universidade Pontificia de Salamanca, foron conscientes de que había que abrir as portas no Colexio-Fogar Santa Margarida, entendendo que a renovación didáctica baixo o modelo do americano Plan Dalton, que Hellen Pakhurst promovera desde os anos vinte en Massachusetts no marco da *Progressive Education*, podía ser acaída para tal propósito, nun centro que acollía alumnado rural e urbano e que se fixo sensíbel á galeguización, á individualización e ao activismo didáctico escolar; falamos de 1973. Do seu impulso veu, tamén, o intento de creación na mesma cidade dunha editorial de textos de teoría e didáctica pedagóxica con difusión estatal, Adara, con case media ducia de títulos, porén, con pronta desaparición.

Falamos dun tempo no que a Compañía de María se deixaba interpelar, en particular nos seus colexios femininos da Coruña, de Santiago ou de Cangas de Morrazo, polo que quería dicir a *inculturación* que a todos propoñía o luminoso Concilio Vaticano II, que entendía da importancia de que os colexios relixiosos se dirixiran aos sectores populares e que concebía un mundo de pluralidades culturais e lingüísticas. Desde o mesmo rego de auga limpa, Engracia Vidal Estévez impulsaría en Santiago de Compostela a residencia estudantil feminina *A Lareira*: un fogar de rapazas do rural que fixo do sentido comunitario, do evanxelio e da inculturación o seu santo e sinal; un fogar que, igualmente, acolleu desde 1975, da man de Marta de Learniz e Teresa Mailly, múltiples traballos dos inicios da revista infantil *Vagalume*⁶⁶, a primeira en lingua galega⁶⁷, que chegaría ata os 5.300 exemplares

65 Tristemente, os fondos desta Biblioteca hoxe só se poden consultar na Universidade de Comillas en Madrid.

66 COSTA RICO, A., "Vagalume (1975-1978). Unha revista infantil galega", *Revista Galega de Educación*, nº 25, 1996, pp. 41-43.

67 Sen esquecerse dos antecedentes que foron *As Roladas*, tan breves e pequeniñas, de 1922, nin do ensaio de prensa infantil, moito máis logrado, que foi *Axóuxere*, un conxunto de máis de vinte suplementos ou encartes, preparados desde Lugo por Xesús Alonso Montero, Paco Martín (o autor de *Das cousas de Ramón Lamote*) e Ulises Sarry, publicados polo xornal de Ourense *La Región*, en 1973. COSTA RICO, A., BRAGADO RODRÍGUEZ, M., "Os alicerces da edición de literatura infantil en galego (1961-1975)", *Revista Galega de Educación*, nº 25, 1996, pp. 46-47. Sobre esta cuestión da literatura infantil e con referencias a este tempo é do caso revisar referencias magníficas da autoría de Agustín Fernández Paz, e sobre todo de Blanca A. Roig Rechou, que, con Miguel Vázquez Freire, podía que sexan quen máis constantemente ao longo do tempo viñeron estudando esta parcela da nosa ceación cultural. Pola súa parte, Xosé A. Neira Cruz defendería na Universidade de Santiago en 2001 unha ben informada tese de doutoramento, *Prensa escolar en Galicia*, onde estuda en particular o que foi *Vagalume*.

editados no outono de 1977, ou que foi tamén un espazo acolledor para as primeiras reunións de profesores próximos á pedagogía Freinet en Santiago de Compostela⁶⁸.

Outro escenario escolar aberto á inculturación e ao activismo didáctico, outra volta, no comezo dos anos setenta, foi sen dúbida o colexio dos Miragres que os Padres Paules tiñan en Maceda (Ourense), con varios centos de rapaces do común, galego-falantes, que no colexio estaban como peixes na auga, contando co ademán decidido de Francisco Carballo, teólogo e historiador, tan vencellado ao mundo cultural nacionalista e galeguista, ou do profesor Xosé Graña. E se de Ourense falamos, bo é que nos refiramos de Bemposta, a singular republica xuvenil e escolar, ao estilo dalgunhas máis notadas do movemento internacional das Escolas Novas. A singular experiencia que foi a *Ciudad de los Muchachos* impulsada polo crego Xesús Silva Méndez, o Padre Silva, veciño de Ourense, que en 1956 puxo en acción unha comunidade infantil, que ao pouco se instalou en Bemposta (rodeados pola música maina dos *rumorosos*), na redonda da cidade, se afirmou ata acoller a centos de nenos e rapaces, que alí mesmo tiñan escola, centro de formación profesional, e compoñían unha a modo de republica, cando no exterior había unha ditadura política. Unha república cunha Escola de Circo desde 1963, que continuou, con luces e algunhas sombras, ata os anos noventa, e que está a pedir unha sería monografía de investigación, antes de que a súa memoria se esfarele, como noutros casos.

Andando os anos setenta abríanse paso outras illas de pedagogía nova. Por exemplo, a Escola Familiar Agraria⁶⁹ de Negreira, acompañando o cooperativismo de Feiraco e outras iniciativas rurais, reforzadas tecnicamente por algúns axentes (homes e mulleres) de Extensión Agraria⁷⁰, acollidas pola rede que naqueles momentos eran as xentes cristiás que participaban nos Coloquios de Parroquias, un contexto do que sairán tamén *Irimia* ou *Encrucillada*, ou as Colonias Infantís de *Cáritas* en Santiago de Compostela, ou Preescolar na Casa, desde 1978, co impulso de Antonio Gandoy (coñecido popularmente como “o cura da bicicleta”), quen tamén atendía a alfabetización da poboación xitana na cidade de Lugo, e coa contribución pedagóxica de Lois Ferradás⁷¹.

A xeografía do país tamén acolleu algunhas outras experiencias educativas singulares, que hoxe permanecen: a Aldea Infantil SOS que a empresaria Rita Regojo impulsou na parroquia de Ventosela (Redondela), a segunda das creadas en España, en 1975, que é hoxe unha das oito españolas e das 518 existentes no mundo; e o Centro Educativo O Pelouro, de integración de nenos e de nenas, con necesidades educativas específicas (oligofrenias, autismo...) ou sen tales necesidades específicas, impulsado desde 1973 en Cadelas de

68 Vid. COSTA RICO, A., “MCEP (1975-1983)” (Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega), *Revista Galega de Educación*, nº 26, 1996, pp. 23-27.

69 Aludo á de Negreira, debido a algún maior coñecemento, mais aquilo que de innovador, distinto e comprometido educativamente acontecía nesta Escola, é probábel que acontecerá tamén nas de Vimianzo, Ribadavia, Celanova Xinzo e Verín, todas elas relacionadas coas Comisións Diocesanas de Adultos de Apostolado Rural de Acción Católica, ás que se referiron AGULLÓ, M^º. C., PAYÁ, A., en *Las cooperatives d'ensenyament al País Valencià i la renovació pedagógica (1968-1976)*, Valencia, PUV, p. 142.

70 Que exercían un forte labor educador (outro capítulo da nosa historia da educación social por explorar).

71 No presente, Decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

Tui pola pedagoga terapeuta e filla de mestre republicano exilado, Teresa Ubeira, e polo neuropsiquiatra infantil Juan Lauder. Comunidade de vida e escenario pedagóxico, con amplo recoñecemento⁷², que cultiva un enfoque de socio-pedagoxía construtivista.

No espazo da educación informal ou no da educación no lecer houbo iniciativas formadoras e de educación que non deberían pasar desapercibidas, e diso póñense aquí varios exemplos, que agardan ser estudados: pode ser o caso do círculo xuvenil que en Vigo sustiña o xesuíta Xaime Seixas Subirá, de feliz recordación⁷³, autor tamén do opúsculo *400 Nomes Galegos* (1977), por quen tantos adultos da Galicia actual teñen o seu nome de pía galeguizado; o crego Xaquín Gómez Barros animou por este tempo a Xuventude Agrícola Rural Cristián as terras do Salnés, en particular; e é do caso non esquecerse dos círculos da JEC (A Xuventude Estudiantil Cristiá), particularmente intervinde no 68 compostelano⁷⁴, nin dos da JOC (a Xuventude Obreira Católica, presente singularmente en Ferrol con Cuco Ruíz de Cortázar), nin dalgunhas das experiencias sostidas no campo do Movemento Scout de Galicia⁷⁵.

Sementando palabras, polo que poida ser

Probabelmente, non foi ata a celebración en outubro do 76 das I Xornadas do Ensino de Galicia, no Colexio dos Padres Paules de Maceda⁷⁶, co inmediato antecedente da sinatura do *Manifesto dos Ensinantes Galegos* por parte de varios centos de ensinantes, cando un sector considerábel do profesorado se constituiu en suxeito histórico e colectivo con decisión de afrontar o reto da reforma democrática da educación, que supoñería a creba da escola franquista, que neste tempo xa fora modificada con respecto a décadas anteriores. Agora, case na fin deste relato, había palabras con sentidos que querían ser máis precisos: escola pública, laica, científica, corpo único de ensinantes, estatalización do ensino (para unha parte deste suxeito colectivo), ou ensino nacional galego. Atrás destes sentidos, con todo, aínda de deficiente precisión, estaban os ensinantes nacionalistas da UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia), ou aqueles outros máis próximos ás correntes socialista-comunista de referencia estatal.

Antes de chegar a isto, houbo sementadores de palabras, polo que puidera suceder. Un lugar de certa singularidade cabe ao campo da literatura infantil ou para nenos escrita

72 O Pelouro, dada a súa singularidade como experiencia psico-pedagóxica, ten merecido atención en medios especializados, se ben está a precisar un estudo monográfico en profundidade, que analice as súas múltiples e valiosas aportacións, ou tamén algunhas das súas eivas.

73 GÓMEZ XURXO, S., *Conversas do Pai Xaime Seixas con Silvestre Gómez Xurxo*, Vigo, Sept, 1985.

74 Como ten recollido nos seus estudos sobre o mundo universitario galego daquel tempo o profesor Ricardo Gurriarán.

75 Outras tantas experiencias pertencentes ao ámbito da educación social que merecerían monografías e aportacións de investigación, para poder ofrecer un mellor coñecemento da realidade social galega neste tempo que definimos como *agrisallado*.

76 Mediante a organización a cargo dos Colexios de Doctores e Licenciados de Galicia, mais de realización incompleta e accidentada, debido á desautorización do Goberno Civil e a presenza prohibidora da "forza pública" que rodeou o colexio.

en galego. Fagamos un rápido reconto dalgunhas pezas, a unir a outras xa ditas previamente: Rubiños Ramos editaba en 1960 *Fábulas galegas para nenos e grandes*; no 63 eran os *Contos populares da provincia de Lugo*; no 66 abría Galaxia a colaboración coa catalá La Galera e coa contribución de Xohana Torres comezaba a edición de libros de feitura editorial nova para nenos (que continuaría con pezas de Agrelo Hermo, Xoan C. Arias, Carlos Casares...); no mesmo ano, Pura Vázquez dábanos os seus *Versos prós nenos da aldea* e aínda logo utros textos na compañía da súa irmá Dora; no 68 rexistramos a edición en Galicia das *Memorias dun neno labrego*, peza central entregada por Xosé Neira Vilas; no mesmo ano, Manuel María daba os seus *Soños na Gaiola*, a través de Celta, que iniciaba así unha ruta de edición que rexistrou outros títulos. Deseguida, O Castro imprintaba a fermosa edición do *Catón Galego* de Fernández Oxea, un texto que levaba anos na gabela e agardando; virían logo os poemas de Lueiro Rey; as páxinas de textos libres en galego que Valentín Arias colleitaba e presentaba a través de *Faro de Vigo* durante o curso 1971-72; os concursos de contos en galego de O Facho e o inicio en 1973 dos Concursos de Teatro Infantil; os *Axóuxeres* de *La Región*, e en 1974 *Os nosos poemas. Libro dos nenos*, coordinado por Antía Cal. Por fin, en 1975, aparecía *Vagalume*. Entremedias, andaban profesores que facían conveniente uso destes e outros textos nas escolas; xentes como Xosé L. Ripalda, Edelmira Cacheda, Xesús Santos Suárez desde terras sempre rianxeiras, Xoán X. Fernández Abella, Xoán Barro Fernández, Xesús Torres Regueiro... ou Mini e Mero.

Outro lugar pertence a quen pretenderon dar instrumentos para a galeguización escolar, asunto sobre o que neste mesmo número nos entrega un cuidado artigo a profesora Malores Villanueva. Abren esta vía Alonso Montero e Marcos de Abajo co seu *O galego na escola* de 1970; para iso mesmo viña a serie *Gallego* (1, 2, 3), preparada desde o Instituto da Lingua Galega desde 1971, como tamén as *Lecturas Galegas* (1972); o Grupo de Londres dábanos o seu *Plan Pedagógico Galego*, modesto, mais sintomático e antecedente do que en 1974 Valentín Arias formulaba, tamén modestamente, como *A lingua galega na escola*. Á nosa disposición en 1975 tiñamos *Picariños. Falar, xogar e ler (Método galego de lectura i escritura)*, en coedición Casals-Galaxia, preparado e experimentado por un pequeno e afouto grupo de profesoras e profesores, acubillados na Asociación Católica de Mestres, que o crego Manuel Espiña (o do “Outeiro de San Xusto”) amparaba. Era un fito, un punto e aparte na elaboración de material e libros didácticos, abrindo un camiño que deseguida andarían con varios libros de texto (*O castelo de irás e non tornarás, As Nosas letras...*) Xoán Babarro e Ana María Fernández, Paco Martín coa serie *Lúa Nova*, e Maruxa Barrio e Henrique Harguindey (*Textos para o ensino do galego*)⁷⁷.

De camiño, Escola Aberta, Avantar, Albe, Preescolar na Casa e un pouco antes o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega, que promovía a revista pedagóxica *As Roladas*, acudían á nova cita. As raiolas do amencer. Como outra mostra máis no barrio

77 COSTA RICO, A., “Chanzos no camino da galeguización do ensino”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, 1996, pp. 36-39.

compostelano do Castiñeiríño abría as súas portas unha nova escola infantil, de nome Raiola, e sentíase o ar fresco e limpo dunha mañá luminosa. Logo, se cadra, non foi tanto como o esperado, mais, despois de todo non hai dúbida: a escola comezaba a mudar de vez.